

# CORUÑA<sup>2</sup>SPORT<sup>®</sup>

O PERIÓDICO DO PARTIDO

## EDICIÓN ESPECIAL

# COPA DO REI



### REPORTAXES FÚTBOL PROVINCIAL



CORUÑA SPORT N.º 84 · El periódico del partido OCTUBRE 2025



serranogundin136@gmail.com  
Avda. Finisterre, nº 77  
Coristanco (A CORUÑA)

Teléfonos:  
981 73 43 92 - 610 506 909



**VS.**



**TE CUIDES COMO TE CUIDES**  
**TE SABRÁ IGUAL DE BIEN**

**Calvo® ligero**

**EL SABOR DE SIEMPRE, CON LA MITAD DE GRASA**



50% menos de materia grasa con respecto a 100 g de producto neto escurrido de atún claro en aceite de girasol (y en aceite de oliva) standard de Calvo. Combina actividad física con alimentación variada y equilibrada [www.habitosdevidasaludables.com](http://www.habitosdevidasaludables.com). Un menor consumo de grasas saturadas contribuye a mantener niveles normales de colesterol.

# STAFF

## EDITA

JL PUBLICACIONES S.L.  
AVDA. BUENOS AIRES, 5 - BAJO 2  
15004 A CORUÑA

## ATENCIÓN AL CLIENTE

881 124 648

698 140 808

E-MAIL: [INFO@JLPUBLICACIONES.COM](mailto:INFO@JLPUBLICACIONES.COM)

WEB: [WWW.JLPUBLICACIONES.COM](http://WWW.JLPUBLICACIONES.COM)

## DIRECCIÓN

JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ

## REDACCIÓN

ÁLVARO ALDREY

## DISEÑO Y MAQUETACIÓN

ANDREE MONTESINOS

## PUBLICIDAD

MERY TENREIRO

## ADMINISTRACIÓN

EVELIN RUBERTE

## FOTOGRAFÍA PORTADA

RC DEPORTIVO

DEPÓSITO LEGAL: C-1553-2018



## COLABORADORES

PILY PARDO

DONATO GAMA

RAÚL INFANTE

JORGE URIACH

FERNANDO BLANCO

JORDI URIACH

ANTONIO RUIBAL



# [ CONTENIDO ]



RC DEPORTIVO



RC DEPORTIVO



RC DEPORTIVO



RC DEPORTIVO

# GRACIAS


QUEREMOS DAR LAS GRACIAS A TODOS NUESTROS LECTORES POR LO CUAL HEMOS ALCANZADO TAN ALTA CUOTA DE PARTICIPACIÓN EN LAS REDES SOCIALES.

**HEMOS SUPERADO LAS 550.000 IMPRESIONES ENTRE LAS 3 REDES SOCIALES.**

J.L. PUBLICACIONES S.L. informa que: Al amparo del Art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, queda totalmente prohibida la reproducción total o parcial de artículos, fotografías y anuncios de esta publicación, sin autorización escrita de la Editorial. La Editorial no se responsabiliza de las opiniones, fotos y contenidos de sus colaboradores.

Si desas expresarnos tu opinión sobre nuestros números, comentarnos alguna sugerencia o te interesa encontrar algún tema en especial, por favor, háznoslo saber en la dirección de correo electrónico: [info@jlpublicaciones.com](mailto:info@jlpublicaciones.com)

Síguenos en [www.galiciasport.com](http://www.galiciasport.com) y en las Redes Sociales:







## ANXO LEIS: “A SOCIEDADE DEPORTIVA NEGREIRA É UNHA FORMA DE FACER POBO E RECUPERAR A NOSA IDENTIDADE”

O alcalde de Negreira analiza a súa segunda lexislatura, o crecemento deportivo e cultural do concello e o momento histórico que vive a SD Negreira, que se enfrenta á Real Sociedade na Copa do Rei.

**E**n plena segunda lexislatura, Anxo Leis fala con Coruña Sport sobre o estado do concello, a importancia do deporte como motor social e o impulso que vive a Sociedade Deportiva Negreira. O alcalde destaca o compromiso do equipo de goberno coa veciñanza, lembra os seus comezos como concelleiro de Deportes e subliña o orgullo colectivo que supón recibir a un histórico da Primeira División no García Calvo.

**“A política é ingrata, pero o noso compromiso é estar sempre ao carón dos veciños”**

— **Anxo, xa son anos na política. Esta é a súa segunda lexislatura na alcaldía e penso que ten que estar moi ledo por como van as cousas. Faga un pequeno balance desta metade de mandato.**

— Pois evidentemente creo que si, que podemos estar moi contentos. Xa sabemos que a política é moi ingrata e o que fas nunca está ao gusto de todos, pero tanto eu como o meu equipo temos unha máxima: estar sempre á disposición dos veciños para solucionar calquera problema que poida haber no noso concello. Trátase de xestionar do mellor xeito posible e de forma igualitaria, recoñecendo tamén os erros cando os hai e tratando de mellorar a calidade de vida da xente.

**“Levei a concellería de Cultura e Deportes, e foi unha experiencia moi bonita”**

— **No seu día tamén foi concelleiro de Cultura e Deportes. Como recorda aquela etapa?**

— Si, foi alá polo ano 2007 cando empecei en política. Daquela tiña o meu traballo e non estaba dedicado en exclusiva, pero levei a concellería de Cultura e Deportes. Foi unha experiencia moi boa, porque coñeces o funcionamento interno dun concello e as demandas dos veciños: o que lles

gusta máis, o que ten éxito, o que menos... Aprendes moito. Cando acabe esta lexislatura cumprirei 20 anos en política, e aquel tempo servíume para entender como se xestiona desde dentro.

**“Temos máis de mil persoas inscritas en actividades deportivas e culturais: máis dun 10% da poboación”**

— **As escolas deportivas de Negreira son un exemplo: 19 opcións e máis de 750 usuarios. É impresionante.**

— Somos un concello pequeno, con algo máis de 7.000 habitantes, pero a nosa oferta deportiva e cultural é inmensa. Estamos ao carón de Ames, que ten máis de 30.000 habitantes, e aínda así superamos a súa oferta en moitos aspectos. Entre escolas deportivas e culturais sumamos máis de mil inscritos, é dicir, un 10% da poboación participando activamente. É un orgullo. Tentamos ir a máis sempre. Por exemplo, hai dous anos trouxemos aquí a Copa 5x5 de balonmán na rúa, e a raíz de aí creamos unha escola deportiva e agora estamos pensando mesmo en fundar un club. Iso demostra que o traballo dá froitos e que a xente responde.

**“A carreira popular de Negreira leva 44 edicións e é un referente nacional”**

— **Negreira tamén destaca pola organización de eventos deportivos de nivel.**

— Si, este martes vivimos un evento histórico coa SD Negreira e o seu partido da Copa do Rei contra un Primeira División. E o domingo seguinte temos a clásica Carreira Popular de Negreira, que chega á súa 44 edición, recoñecida a nivel nacional e con atletas internacionais. Cada ano reunimos entre 1.400 e 1.600 corredores, profesionais e afeccionados, que practican atletismo. Son eventos de gran calado para a vila.

**“A SD Negreira estivo a piques de desaparecer en 2019; hoxe é un orgullo para todo o pobo”**

— **A SD Negreira está a vivir un momento histórico e parece que quere repetir a época dourada de hai dúas décadas.**

— No verán celebramos un acto de conmemoración polos 20 anos da presenza en Segunda B. Naquel acto lembrei algo importante: cando cheguei á alcaldía en 2019, o club estivo a piques de desaparecer. Tiña unha débeda duns 40.000 euros como mínimo, acababa de descender a Primeira e ningún quería coller o timón.

Despois de moito insistir, incluso desde a alcaldía, conseguimos que o noso técnico de deportes, Álvaro Lira, se puxese á fronte. Eu ofrecínlle colaboración e respaldo. O primeiro era recuperar os xogadores da casa que marcharan a outros clubs e crear de novo afición no pobo. E iso conseguimos: hoxe o García Calvo énchese domingo tras domingo.

É unha forma de facer pobo, de crear familia en torno ao club e recuperar a nosa identidade. O ano pasado, o Negreira estivo a piques de ascender a Tercera, e este ano quere volver loitar arriba. Este partido da Copa é tamén unha oportunidade económica e deportiva para seguir medrando.

**“A Real é un rival histórico; o importante é disfrutar deste momento”**

— **Enfrontarse á Real Sociedade é todo un premio.**

— É un rival histórico e unha marabilla de equipo. Hai poucas semanas fixémoslle unha recepción á SD Negreira polo título da Supercopa de Galicia, e xa lles dixen entón: o importante é disfrutar do momento. Isto é algo que quedará marcado para sempre no pobo. Se dan a sorpresa e gañan, mellor ca mellor, pero o fundamental é vivir esta experiencia.

**“Detrás deste partido hai un traballo inmenso de moitísima xente”**

— **Como está sendo preparar todo o operativo?**

— Moi complicado. Levamos semanas traballando, mesmo antes da eliminatoria co Textil de Cantabria. A Federación Galega fixo unha auditoría do campo, e finalmente puidemos celebrar o partido aquí. Desde entón houbo que coordinar empresas, medios, iluminación, seguridade, evacuación, aparcamentos... Todo. Temos un aforo para o partido de 3.004 asentos e queremos que todo saia perfecto, porque o encontro vai ser retransmitido a nivel nacional. Hai un esforzo enorme detrás, tanto da directiva como do concello e das empresas colaboradoras.

**“Eu son do fútbol de toda a vida: o da rúa, o de pasalo ben cos veciños”**

— **Practicaba deporte de neno?**

— Sempre fun do fútbol, pero do fútbol da rúa, o de pasalo ben de verdade. Xogabamos nas aldeas e logo rematabamos tomando algo cos veciños e cos amigos. Gústame o deporte en xeral, e intento que dende o concello se ofrezan moitas opcións para que os rapaces poidan experimentar e descubrir o que máis lles gusta.

**“Queremos que Negreira dea a mellor imaxe posible e que todos disfruten”**

— **Para rematar, unha mensaxe á veciñanza.**

— Que disfruten do día. É un evento moi importante tamén a nivel económico, para hostalería e restauración. Que todo o mundo, desde o seu ámbito, poida vivilo da mellor maneira posible. Sempre presumimos de ser un pobo acolledor e receptivo, e quero que esa imaxe de Negreira se vexa reflectida ese día. Que quede un recordo formidable para todos os que nos visiten.



# Garcas

## CONTRATAS Y CONSTRUCCIONES

### CONSTRUCCIONES EN GENERAL

☎ 659 793 771

☎ 628 106 666

📍 Avda. de Santiago, 31  
15830 - Negreira (A Coruña)

✉ [garcasconstrucciones@gmail.com](mailto:garcasconstrucciones@gmail.com)



## Especialistas en excavaciones en Galicia

Somos empresa autorizada como "Xestor de Residuos"



[www.hermanosotero.com](http://www.hermanosotero.com)

Transportes  
Excavaciones  
Desmontes  
Derribos  
Movimiento de tierras  
Motoniveladoras  
Compactaciones  
Rodillos



**\* PRESUPUESTO A MEDIDA**

**Dirección:** Vía La Cierva, 4 - Polígono do Tambre -  
15890 Santiago de Compostela (A Coruña)

☎ 686 454 447

**E-mail:** otero@hermanosotero.com

Sedes en Santiago de Compostela

**Dirección:** Vía Faraday, 13 - Polígono do Tambre -  
15890 Santiago de Compostela (A Coruña)

☎ 686 454 446

Sede en Mazaricos

**Dirección:** Avda. 13 de Abril, 132 - A Picota -  
15256 Mazaricos (A Coruña)

☎ 981 852 072

# SD NEGREIRA: UNHA HISTORIA DE PAIXÓN E IDENTIDADE

A entidade fundouse no ano 1963 co impulso de José López Fuentes e Roque Tuñas Pensado.

**A**vila de Negreira, malia ser de interior, sempre mirou cara á costa. Esa relación marcou tamén o nacemento do fútbol local, que comezou a practicarse a mediados do século XX. O histórico Pirelli, lembrado polos vellos siareiros, foi o xermolo do club actual: a Sociedad Deportiva Negreira, fundada en 1963 co impulso de José López Fuentes e Roque Tuñas Pensado. O equipo debutou oficialmente na Copa da Costa de 1964, caendo en semifinais ante o Finisterre, e un ano despois xa competía na súa primeira Liga da Costa. Dende entón, a historia do club comezou a escribirse entre esforzo, orgullo e compromiso co pobo.

## OS ANOS SESENTA: O PRIMEIRO ASCENSO

O Negreira foi crecendo paso a paso. En 1966/67 proclamouse subcampión de Liga e de Copa, e ao ano seguinte logrou o seu primeiro gran éxito, conquistando a Liga da Costa e ascendendo a Rexional. A entidade presidida por Julio González Ferreiro compartiu categoría con clubs históricos como o Silva, Arenteiro ou Estradense. A ilusión durou pouco: tras dúas tempadas en Rexional, o club deixou de competir un ano antes de regresar de novo á Liga da Costa.

## OS SETENTA: CONSOLIDACIÓN E IDENTIDADE

A década dos setenta foi a da consolidación. O Negreira regresou á Liga da Costa, acadou títulos e viviu momentos memorables. En 1971/72 proclamouse campión e xogou a fase de ascenso, e nas seguintes tempadas foi subcampión en dúas ocasións, só superado polo Noia.

Baixo presidencias como as de Antonio Hombre Agüera ou Celestino Guzmán, e con figuras como Benito Padrón no banco, o equipo formou plantillas históricas nas que destacaron nomes como Fernando Vázquez —hoxe un símbolo do fútbol galego—, Pascual, Leandro ou Cros. Mesmo chegou a disputar unha final no estadio de Riazor do Trofeo Conde de Fenosa, o que reflicte o prestixio acadado naquela época.

## OS OITENTA: FEIRACO E O RENACER

Nos anos oitenta chegou un novo impulso. En 1981/82, coa presidencia de Gumersindo Rodríguez-Trelles “Sindo” e Rodri como adestrador, o Negreira proclamouse campión da Liga da Costa e ascendeu a Primeira Rexional. A colaboración coa empresa Feiraco, nacemento do mítico patrocinio, marcou unha era.

O equipo consolidouse e, en 1986/87, baixo a dirección de Pintos, proclamouse campión da Primeira Rexional e ascendeu a Preferente, categoría na que o club pasaría a chamarse Feiraco S.D. Negreira. Durante máis dunha década, foi un clásico da competición, símbolo da seriedade e da estabilidade institucional.

## OS NOVENTA: PEDRA MÁMOA E CONTINUIDADE

Nos anos noventa, o Negreira seguiu competindo en Preferente, vivindo o cambio xeracional e a inauguración dun símbolo: o campo municipal de Pedra Mámoa, rebautizado máis tarde como Jesús García Calvo.

Baixo presidencias como as de Luis Andrade Negreira, José Liñares Ferreiro ou Manuel Pensado, o club mantivo o pulso competitivo e o apoio da vila. O Feiraco Negreira converteuse nun referente do fútbol comarcal, tanto pola súa estabilidade como pola calidade dos xogadores da casa.



FOTO: MARINA SUÁREZ

## A ERA DOURADA: O SALTO A SEGUNDA B

O novo milenio abriu unha das páxinas máis brillantes. En 2000/01, o Negreira logrou o ascenso a Terceira División, e só catro anos despois, na tempada 2004/05, escribiu a súa epopea máis recordada: o ascenso a Segunda División B.

Con Manuel Liñares Giraut á fronte da directiva e Gelucho no banco, o equipo, formado por xogadores como Pablo, Suso, Uxío, Manu, Iván González ou Rubén Márquez, superou ao Mosconia e ao Ciempozuelos para facer historia. Un club dunha vila de apenas 6.500 habitantes entraba no mapa do fútbol nacional.

O regreso ás cores orixinais —vermello e azul— simbolizou a volta ás raíces. A aventura en Segunda B, malia rematar cun descenso, deixou un legado inesquecible e un orgullo colectivo que perdura.

## A RECONSTRUCCIÓN

Despois da etapa dourada, o Negreira viviu anos de transición e descensos, pero tamén de renacemento. Por Cepelo e Pedra Mámoa pasaron adestradores como Xulio Díaz, Toni Ardá, José Manuel Pose, Nacho Pacios ou Juan Cabrejo, mantendo viva a esencia dun club humilde e apaixonado.

En 2019, unha nova directiva encabezada por Álvaro Lira Gorgal impulsou un proxecto de recuperación. Chegaron de novo as categorías de base e, por primeira vez, o equipo feminino. En 2023, con Julián Ferreiro Rodríguez na presidencia e Adrián Vázquez como técnico, o Negreira acadou o ascenso a Preferente Futgal e volveu loitar polos postos altos.

Na tempada 2024/25, o equipo quedou ás portas do ascenso a 3ª RFEF, caendo no play-off ante o Xuventude de Cambados, pero ergueuse pouco despois proclamándose campión da Copa do Sar e, en agosto de 2025, gañando a Supercopa Galicia. En setembro, coroou o soño coa clasificación para a Copa do Rei, tras eliminar ao Textil Escudo de Cantabria.

## UN CLUB CON ALMA

A historia da S.D. Negreira é a dun pobo enteiro detrás dun escudo. De Pirelli a Pedra Mámoa, de Feiraco a Segunda B, das tardes frías de inverno ás noites de gloria absoluta. Un camiño de seis décadas que resume o mellor do fútbol galego: identidade, esforzo e orgullo local.

Negreira, sempre vermello e azul, segue mirando ao futuro con ilusión e co corazón no seu sitio: no García Calvo.





# “O NEGREIRA É SENTIMENTO PURO, NON SE EXPLICA, VESE E VÍVESE”

Julián Ferreiro, presidente da SD Negreira, repasa a súa longa traxectoria no club e analiza o gran momento que vive a entidade.

Desde que pisou o García Calvo por primeira vez como xogador ata o día de hoxe, no que preside a entidade, Julián Ferreiro completou un ciclo vital no Negreira. Apaixonado polo club da súa vida, fala con orgullo do camiño percorrido, da ilusión de enfrontarse á Real Sociedade e do traballo incansable dunha directiva que conseguiu devolverlle forza, base e identidade ao club vermello.

—**Presidente, cóntanos un pouquiño: unha historia preciosa desde que comezaba no campo, logo no banquiño, e agora pechando o círculo.**

Pois si, a verdade é que toda unha vida vinculada á Sociedade Deportiva Negreira. Para min é un orgullo e un pracer botar tantos anos aquí, dedicándolle tempo ao equipo que realmente queres e levas no corazón. Agora culmina toda unha traxectoria cun partido que nos enche de alegría e orgullo: poder disputalo, vivilo e desfrutalo. Foi moito traballo e esforzo, porque organizar un encontro así non é fácil, pero o importante é facer as cousas o mellor posible para que se vexa un gran partido ese día.

—**Esta historia comezaba hai un ano, coa Copa do Sar. Un proceso longo e tamén bonito.**

Sobre todo longo. Bonito en momentos puntuais, cando gañas, pero longo. Comezamos no inverno de 2024 xogando a Copa do Sar, alternando coa liga, viaxando e competindo. Logo gañamos a final, despois veu a Copa Deputación, que se alongou ata finais de xuño. En agosto xa case non tivemos descanso: apenas un mes de vacacións e xa comezamos a preparar a Supercopa, primeiro co Velle, logo coa final co Areas. Despois veu a previa da Copa do Rei co Textil Escudo. Foi un proceso longo e duro, pero con momentos de moita felicidade. Cando gañas a Copa do Sar, a Copa de Galicia ou pasas unha eliminatoria tan especial, todo ese traballo cobra sentido.

—**O ano pasado o equipo quedou segundo, rozando o ascenso. Unha tempada de matrícula.**

Si, sen dúbida. Os xogadores e o corpo técnico fixeron unha campaña espectacular. Pagamos un pouco o exceso de partidos, chegamos xustos ao play-off e o Cambados estaba un chisco mellor a nivel físico. Non pasamos esa eliminatoria, pero tampouco era o noso obxectivo inicial: viñamos de Primeira e queríamos estabilidade, non sufrir. O equipo competiu moi ben e acabou segundo. Estamos orgullosos porque sempre dá a cara e compite. Este ano gañamos a Supercopa e estamos ben en liga, pese ao calendario tan cargado. Iso fala do esforzo e compromiso dos xogadores e do corpo técnico.

—**Obxectivo de ascenso este ano, ou mellor seguir madurando o proceso?**

Eu penso que non hai que marcar obxectivos se non tes un orzamento que o sosteña. Nós non queremos complicarnos con cuestións económicas. Temos un bo equipo, bos xogadores e un corpo técnico moi competente, e sabemos que imos competir moi ben. Quédomo con iso. Se chega o ascenso, benvido sexa, pero non o convertimos en presión.

—**Falabas do fútbol base e do equipo feminino, que seguen medrando.**

Si. Cando esta directiva colleu a presidencia, un dos obxectivos foi recuperar o fútbol base, que non existía: só había un equipo infantil. Hoxe temos todas



FOTO: MARINA SUÁREZ

as categorías e tamén un equipo feminino dentro da estrutura do club, do que estamos moi orgullosos. Todo isto require moitas horas, pero facémolo con ilusión e porque nos apaixoa.

—**A afección do Negreira tamén é especial.**

A verdade é que aquí a xente sempre seguiu o equipo. Levamos moitos anos así. Agora estamos nun ciclo gañador, no que chegan títulos e boas novas, e iso atrae máis xente. Ademais, o crecemento do fútbol base xera máis masa social: os rapaces van ao García Calvo e con eles veñen pais e avós. Así medra o club. Agradecemos moitísimo ese compromiso. Sempre pode haber erros, claro, pero intentamos facer as cousas o mellor posible.

A directiva traballa arreo, e moitas veces dedicámoslle máis tempo ao fútbol que á familia ou ao propio traballo. Pero facémolo porque amamos este club.

—**É o momento de pedir algo ás institucións, coa repercusión da Copa?**

(Risos) Na virtude de pedir está tamén o saber dar. O Concello está moi volcado coa organización deste partido, e iso agrádecese. Se fas as cousas ben, sempre hai máis xente disposta a apoiar. Temos que seguir nesa liña.

—**Chega a Real Sociedade, todo un histórico e campión de Liga e de Copa do Rei.**

Si, e iso é o que máis me enche de orgullo: que veña un equipo de Primeira División aquí, e ademais nun partido oficial. Non é un amigable; é unha eliminatoria de Copa do Rei que quedará para sempre no recordo. Dentro duns anos a xente lembrará: “aquele día veu a Real Sociedade a Negreira”. É un orgullo para o club e para todo o pobo.

—**E xa para rematar: xogador, adestrador ou presidente... con que papel quedas?**

Como xogador é onde máis o disfrutas, porque estás dentro do campo, competindo. É a parte máis bonita. Como adestrador xa é máis complicado: tes que xestionar un grupo, gañar partidos e convivir coa presión dos resultados. E como presidente estás en todo: recursos económicos, coordinación, que todo funcione. Non tes a mesma presión deportiva, pero tes máis responsabilidade. Sen dúbida, o posto máis esixente e con máis traballo é o de presidente.

—**Moitísimas grazas, Julián, e moita sorte para a Copa e para o ascenso.**  
Bueno, moi ben. Un abrazo e graziñas.

# “LEVANTEI A MAN POR UN ARREBATO DE SUPERVIVENCIA PARA SALVAR AO NEGREIRA”

Álvaro Lira foi o gran artífice da recuperación da SD, asumindo a presidencia nun momento límite e conseguindo sanear unha débeda enorme en só catro anos.

A historia recente da SD Negreira non se podería entender sen a figura de Álvaro Lira, o home que asumiu a presidencia cando ninguén se atrevía, cun club afundido deportiva e economicamente, e que liderou unha das reconstrucións máis admirables do fútbol galego. En só catro anos, logrou eliminar a débeda, devolver a credibilidade e poñer as bases do proxecto que hoxe vive o seu momento máis doce.

—Cando colles o club, a situación era desesperada. Como recordas aquilo?

Foi un momento bastante confuso da historia da SD Negreira. Viñamos de varios anos cunha situación económica moi mala e, ademais, de dous descensos seguidos, de Terceira a Primeira Galicia. A cousa non pintaba nada ben. Na última asemblea antes de entrar nós, a situación era tan complexa que ninguén se atrevía a continuar. Ninguén vía factible que o club puidera sobrevivir. E nese último suspiro, case por un arrebatado de supervivencia, levantei a man e dixen que, se alguén me botaba unha man, eu facíame cargo da entidade. Así foi.

—Foi máis un acto de corazón que de cabeza, daquela...

Si, totalmente. Antes desa última xuntanza xa houbera unha asemblea final na que se presentaron números moi negativos, pero que na realidade eran moito peores do que aparecía nas contas. Ademais, había un xuízo pendente cunha directiva anterior e sabíamos que a resolución ía ser desfavorable, o que obrigaría o club a asumir máis débeda. Recordo que naquela reunión había empresarios da zona e todos coincidían en que era imposible levantar aquilo. Chegouse a propoñer deixar morrer o club, cambiar o nome e empezar de cero desde Terceira Galicia. Eu era a única voz discordante. Dixen que con traballo, esforzo e tempo —catro anos— poderíamos saír adiante.

—E así naceu o proxecto que acabou salvando á SD Negreira.

Exacto. Tivemos unha reunión no restaurante Millán e saímos de alí coa idea xeral de que o mellor era desaparecer. Pero na última asemblea, no último segundo, non sei se conscientemente ou non, levantei a man e dixen que me ofrecía a ser presidente se alguén me acompañaba. E así comezou todo.

—Como foron aqueles catro anos de proceso?

Moi duros. Había débedas con provedores, con xogadores de varias tempadas e mesmo con persoal do club. Tratamos de buscar solucións para todo. No caso dos xogadores, ofrecémoslles seguir e cobrar pouco a pouco, pero o 80 ou 90% non aceptou. Levabamos oito anos con impagos e o nome de Negreira soaba mal, ninguén se fiaba. Ninguén quería vir. Ademais, tiñamos que convencer xente sen ter cartos, con mala fama e sen adestrador.

A asemblea fora a mediados de xullo e a pretempada comezaba en agosto. Non tiñamos nada. Entón, o primeiro paso foi buscar un adestrador. E pensamos en Julián Ferreiro, que é o actual presidente. Falamos con el, explicámoslle a situación, e aceptou por amor ao club. Arrancamos a mediados de agosto cunha plantilla moi curta, con exxogadores e descartes doutros equipos, e moita xente chamada unha a unha, máis de 300 xogadores contactados. Só conseguimos 17 ou 18 para empezar.

—De aí a reflotar un histórico hai un mundo. Como foi a recuperación?

Negreira é un sitio moi futbolero. A masa social foi clave: nunca nos deixou de lado. Tivemos que poñer cotas de socio moi altas, comparables ás dun equipo de Terceira, porque non tiñamos liquidez. A xente entendeu que era necesario para salvar o club. Fixemos unha gran campaña de socios e moitos que nunca foran socios antes uníronse ao proxecto. Esa foi a base.



—Ti xa eras un home da casa, vencellado ao club desde sempre.

Si, todos os que estabamos na directiva tiñamos relación co Negreira. Eu son técnico de deportes no concello, así que sempre estiven preto do club, colaborando cando fixera falta, facendo fichas, xestionando cousas federativas, o que fose. Nunca me botei a un lado. O meu pai tamén era seguidor, e aquí en Negreira o fútbol sempre se viviu con moita paixón.

—E cando o club quedou saneado, chegou o momento de dar o relevo.

Si, o proceso de levantar a débeda levou catro anos. Non foi curto. Tivemos que superar tamén a pandemia e algúns problemas internos, pero pouco a pouco saímos adiante. A nosa idea era clara: traer xogadores de Negreira que estaban en clubs de Terceira ou Preferente. Esa foi a semente do éxito actual. Xente como Brais, Juan Diego, Miguel, Berdullas ou Alberto Freire formaron unha base sólida, con calidade e cariño polo escudo.

Lembro o caso de Juan Diego, que estaba en Terceira e decidiu baixar a Primeira para axudar ao Negreira. Iso demostra o que sentía polo club. El foi o primeiro en subir ao barco, e detrás del viñeron outros coma Gonzalo Suárez, Brais López, Alberto Freire, Berdullas... A partir de aí o proxecto colleu forza.

A nivel deportivo estivemos preto de ascender dúas veces: primeiro con Chus Baleato, caendo no último intre, e despois nas semifinais dos play-off, nos penaltis. Faltounos moi pouco. Pero ese traballo deixou a base do que veu despois.

—Agora o club vive un soño, xogando unha eliminatoria da Copa do Rei.

É o culmen de todo este proceso. En 2019 o club estaba a punto de desaparecer, e agora está xogando unha fase da Copa do Rei. É un orgullo enorme. Aínda que non estou na directiva, sigo axudando sempre que podo e síntome parte deste éxito.

Estou especialmente orgulloso dos rapaces de Negreira, e tamén doutros que, sen selo, senten o club como propio: Lagares, Juan de Selia... Esa pertenza, ese sentimento, é o que nos fai diferentes e o que nos permite competir dun xeito especial.

—O mellor quizais está por chegar?

Pode ser. Levamos tres anos moi bos. O ano do ascenso a Preferente, con Adrián, foi espectacular: máis de cen goles, gañando case todos os partidos. Logo estivemos a piques de subir a Terceira e gañamos a Copa do Sar e a Supercopa de Galicia. Para un club modesto, iso é un logro enorme. Agora mesmo o equipo está nunha dinámica gañadora impresionante. Mesmo non descarto que na Copa do Rei lle poidan dar un susto á Real Sociedade. Sabemos que é un rival histórico e profesional, pero o Negreira non vai perderlle a cara ao partido. Iso téño clarísimo.

—Esa é a esencia dun club que resucitou.

Exacto. Pasamos da desaparición a vivir un soño. E iso paga todo o esforzo. Cando miro atrás e lembro aquela asemblea na que ninguén quería seguir, paréceme increíble ver onde estamos agora. O Negreira volveu ser o que sempre foi: un club serio, querido e respectado, que representa a unha vila enteira. Iso é o máis importante: que a SD Negreira siga viva, unida e mirando cara ao futuro.



# CARLOS BERDULLAS: "NESTE CLUB TODO SE FAI CO CORAZÓN"

O directivo, director deportivo e coordinador da base da SD Negreira fala do sentimento por un club histórico que volve soñar con cotas altas.

**A** SD Negreira vive un dos momentos máis especiais da súa historia recente. O club do García Calvo, que chegou a competir na Segunda B e hoxe celebra a clasificación para a Copa do Rei, sostense no traballo e na paixón dun grupo de persoas que o viven dende dentro. Un deles é Carlos Berdullas, directivo, director deportivo e coordinador da base. A redacción de Coruña Sport conversou con el sobre o orgullo de representar ao seu pobo, a ilusión de recibir a un Primeira e o esforzo por manter viva a esencia dun club humilde e auténtico.

**Carlos, contanos un pouquiño. Ti es o home multifunción: directivo, director deportivo, coordinador da escola... A Sociedade Deportiva Negreira a levas moi dentro, non?**

Si, si, ti o dixeches: home multifunción. Se hai que pintar o campo, píntase o campo. E se hai que facer de utilleiro, fas de utilleiro. O equipo do teu corazón é o equipo da túa vida, e todo o que se faga faise con todo o amor do mundo.

**Estamos a falar dun histórico como o Negreira, que todos recordamos na Segunda B. Agora chega a Copa do Rei contra un Primeira División. Isto é apoteósico, non? Imaxino que estades vivindo un soño.**

A ver, é impresionante. Eu aínda agora mesmo non o creo. Faiche crelo ver a xente que hai aquí quitando entradas, as taquillas a rebosar, as solicitudes que hai e que non podemos atender todas porque o sitio é limitado. A prioridade é para os socios e acompañantes, e iso é lóxico. Pero nunca pensei que isto tivera a relevancia que está tendo, a verdade é que non.

**É un camiño longo, ademais, porque todo comezaba na Copa do Sar, xa fai case un ano como quen di.**

Si, a verdade é que foi un camiño moi longo. Aquí en Galicia é complicado: tes que gañar a copa da delegación, no noso caso a Copa do Sar, despois pasar pola Copa Deputación, logo ser campión da Supercopa Galicia e aínda xogar contra un rival de fóra. É moi difícil. Somos un club humilde e os xogadores teñen que facer un sacrificio enorme xogando mércores e domingo. O premio é para o seu esforzo e traballo, pero si, é un camiño moi longo ata chegar a esta festa, que é unha festa para o pobo e a comarca.

**E chega a Real Sociedade, un rival histórico, campión de todo en España. Tivéchedes sorte no sorteo.**

Si, home. Podíache tocar o Celta, claro, pero o Celta pódete vir xogar un amistoso ao García Calvo. Un partido oficial contra un histórico do fútbol español como a Real Sociedade, gañadora de Liga, de Copa do Rei, participando en UEFA e en Champions nos últimos anos... é algo que nunca creio que se volva repetir. Realmente creo que nunca se volverá vivir algo así.

**Meténdonos un pouco na plantilla do Negreira, xa deixando a un lado a Copa, como é este equipo 2025/26 despois de facer un papelón o ano pasado e faltar só a guinda do ascenso?**

O ano pasado, cando fun ao sorteo do grupo Norte, vin que o primeiro ascendía e o segundo, o terceiro, o cuarto e o quinto xogaban a promoción. Cheguei aos compañeiros da directiva e díxenlles: "Imaxinádevos que nos metemos na promoción?". Era algo impensable, pero ao final metémonos, e resulta que nos últimos quince anos o que quedou segundo en Preferente ascendeu, pero este ano tocounos promoción.

O equipo tiña unha plantilla curta, como este ano, e chegaba moi xusto fisicamente con tanto mércores e domingo pola Copa do Sar. Pero penso que non hai mal que por ben non veña, porque penso que aínda non estábamos preparados para dar o salto a Terceira. Queremos ter os pés no chan, porque o club pasou momentos moi complicados e non se poden facer castelos no aire. Hai dúas tempadas estábamos en Primeira Autonómica, e agora estamos en Preferente sendo o rival a batir. Agora xa non vale ir aos campos sen máis, hai que pelexar contra iso.

**Chegaron novas caras ao equipo tamén.**

Si, reforzámolo nos puntos que considerabamos máis febles, aínda que quedamos un pouco escasos na parte central. E aí a culpa é un pouco miña, polos altos e baixos do mercado. Seguramente me equivoquei intentando traer algunha "gran espada", porque agora vexo a eses xogadores sendo importantes en Terceira.

Pero aquí apostamos pola xente da zona. Quitando a Gonzalo, a José, que é o porteiro, e a Ángelo, que xa estivera aquí, o resto son todos rapaces de menos de 27 anos e do pobo. Reforzamos o plantel con xente de confianza e da



casa, porque é no que cremos, non só porque os tempos económicos son os que son. Á economía levámola tamén a rajatabla: se eu lle digo a un xogador que lle vou dar cen euros para gasolina, o primeiro venres do mes ténoos que cumprir. Non podo miralo á cara se non llo pago. Iso é unha máxima para nós. Podes fichar o que podes fichar, despois outros ofrecen máis, pero os problemas veñen en decembro, xaneiro, febreiro...

**Hai dous cursos estabades en Primeira Rexional, e o mérito maior é que hai sete ou oito o club tiña moita débeda, pero o Negreira esta saneado dende hai xa algúns anos e en tempo récord.**

Si, si. Non foi a nosa directiva, foi outra. Eu ía a aquelas asembleas, e Julián —que agora é o presidente— estaba de vacacións e dicíame: "Isto non o colle nin Dios". Cada día que ías á reunión aparecía unha débeda nova. Houbo unha grandísima persoa, que foi Álvaro, o anterior presi, que se puxo á fronte e uniu a todo o mundo. Colleu o club con 51.000 euros de débeda. Eu dicíalle: "Falta o que se lles debe aos xogadores", aínda que había xente que dicía que iso estaba pagado... e ao final apareceu máis débeda. Levantaron todo en catro anos e deixaron 1.200 de superávit, cunha pandemia polo medio. A xente do pobo foi impresionante como respondeu.

**E como chegaches á actual directiva?**

Eu estaba entrenando, e Julián, o presidente agora, é amigo meu. Un día, vendo un partido do Negreira, díxome: "Fun presidente, director deportivo, adestrador, capitán... creo que me falta ser presidente. Ti que dis?". Eu díxenlle: "Se ti colles o club, eu vou contigo pintar o campo e vender rifas se fai falta". Cando llo dixemos ás nosas mulleres un día ceando, case nos botan da casa. (Risos)

Despois xuntamos un grupo de amigos, ex xogadores do Negreira, e formamos a directiva. Tiñámolo claro: o corpo técnico tiña que ser da casa. Adrián como adestrador, Oscar na directiva, Cheli —outro ex xogador— como adestrador de porteiros... e díxemoslles: "Traballade con tranquilidade, as costas son nosas. Os paus, para nós".

**A canteira é outra parte fundamental deste Negreira.**

Si. O día da asemblea uns pais preguntaron: "E a canteira que?". Só tiñamos un equipo infantil. Julián dixo: "Eu empecei no Negreira como alevín e vou loitar pola canteira". Ese ano sacamos todos os equipos, incluso en categoría xuvenil casi daba para dous, pero quedaban como dez ou once rapaces e non era suficiente.

Agora temos un prebenxamín, un benxamín, dous alevíns, un infantil, dous cadetes, un xuvenil, e un equipo feminino de fútbol 11. En dous anos e medio pasamos de ter só un equipo infantil a ter case todo o fútbol base, mesmo dobrando categorías, e un equipo feminino. Podemos poñerlle un notable alto.

**Moito traballo detrás.**

Si, aquí estamos para traballar sen descanso. O Negreira merece todas as horas que lle dedicamos. E no momento que non poidas dar o servizo que o club necesita, hai que dar un paso ao lado e deixar que veña outra xente.

**Para rematar, un momento especial ao longo da túa vida coa SD Negreira.**

Teño moitos. Cada partido do Negreira é algo especial, mesmo un amistoso. Pero se teño que escoller un, quedo co ascenso despois da tempada de Primeira Autonómica: marcamos 130 goles, fomos o equipo menos goleado e era o primeiro ano que estábamos á fronte. Foi moi especial. O club levaba cinco anos en Primeira e era moito tempo.

Aquel día do ascenso contra o Sporting Estrada foi impresionante. Non sei canta xente de Negreira había, pero era unha barbaridade. O respaldo social é enorme. En Cantabria, o outro día, fomos xogar e había unhas 200 persoas acompañando. Así é a afección da SD Negreira.



FOTO: MARINA SUÁREZ

### PLANTEL 2025/2026

| PORTEIROS            | CENTROCAMPISTAS    |
|----------------------|--------------------|
| JOSÉ DACUÑA          | DANI FORJÁN        |
| JUAN BERDULLAS       | PABLO RAVIÑA       |
| DEFENSAS             | IVÁN FIDALGO       |
| FABIÁN GRELA         | ATACANTES          |
| JUAN DIEGO RODRÍGUEZ | JUAN DE SELIA      |
| ÁNGELO LIÑARES       | MARTÍN PEREIRA     |
| PACO SENÍN           | MANUEL MAYÁN       |
| XABI SÁNCHEZ         | RAÚL GARCÍA "RULO" |
| BRAIS LÓPEZ          | JAVI LÓPEZ "PEKE"  |
| CENTROCAMPISTAS      | GONZALO SUÁREZ     |
| ALBERTO FREIRE       | ADRIÁN PEREIRA     |
| JOEL LAGARES         | HUGO V. PEILLET    |

# O RENACER ABSOLUTO DA SOCIEDADE DEPORTIVA NEGREIRA

O club consolida o seu proxecto en Preferente Futgal tras dous anos de crecemento continuo.

**A**SD Negreira volve estar de moda no fútbol galego, e iso débese á súa formidable recuperación nos últimos anos. O equipo regresou á Preferente no curso 2023/2024 e, lonxe de conformarse, na seguinte tempada 2024/2025 quedou ás portas dun segundo ascenso consecutivo tras rematar en segunda posición no grupo 1. Ademais, completou unha campaña memorable conquistando a Copa do Sar e alcanzando a final da Copa Deputación.

A ilusión non se detivo aí. No verán de 2025 chegou a Supercopa Galicia, e o Negreira eliminou ao Velle e ao Cultural Areas para proclamarse campión e gañar unha praza na fase previa da Copa do Rei. O soño continuou: na previa, o conxunto negreirés superou ao Textil Escudo e gañouse o dereito a enfrontarse á Real Sociedad, equipo de Primeira División. O vindeiro martes 28 de outubro será unha data histórica, pois será a primeira vez que un club de Primeira visite o Negreira en competición oficial. A expectación é total e conseguir unha entrada converteuse nunha misión case imposible ante a avalancha de solicitudes.

### UN PROXECTO CON IDENTIDADE PROPIA

O Negreira mantén para este curso o bloque da pasada campaña, un equipo moi bonito, con moita xente da casa e da comarca, e con reforzos puntuais para dar máis fondo de armario nas posicións máis xustas. Chegaron Fabián Grela (Compostela xuvenil) para o lateral dereito, Fidi (Xallas) para o mediocentro, Adrián Pereira (Sigüeiro) como mediapunta, Martín Pereira (Sofán) para o extremo e Manuel Mayán (Pontevedra B) para a dianteira. A canteira tamén empurra con forza: Hugo Peillet, Pablo Raviña e Dani Forján xa están en dinámica habitual do primeiro equipo e mesmo sumaron minutos este curso. No banco continúa Adrián Vázquez, home da casa e un dos principais artífices do renacer do club.

### EXPERIENCIA E FUTURO NO MESMO EQUIPO

O cadro negreirés combina experiencia e xuventude con xogadores de enorme compromiso. Na portaría, José Dacuña (38) e Juan Berdullas (24) compoñen unha dupla fiable. Na defensa destacan Paco Sanín, Brais López, Juan Diego, Fabián Grela, Xabi e o veterano Ángelo, auténticos piares dun bloque sólido.

No medio do campo, o equilibrio e a intensidade chegan da man de Joel Lagares, Freire, Fidi, Pablo Raviña e Dani Forján. Máis arriba, o talento ofensivo lévao Adrián Pereira, máximo goleador con 4 tantos, xunto a Gonzalo Suárez, Juan de Selia, Martín Pereira, Manuel Mayán, Peke, Rulo e o mozo Hugo Peillet, dianteiro de só 17 anos que xa comeza a chamar con forza á porta dos grandes minutos.

### UN PRESENTE CARGADO DE ILUSIÓN

Aínda cun calendario moi cargado por mor da Copa, o Negreira xa é terceiro na liga de Preferente 2025/2026, a tan só catro puntos do liderado, e transmite a sensación de estar preparado para todo.

O proxecto, construído con paciencia e sentimento, vive un momento doce e histórico. A vila enteira respira fútbol e ilusión, e o club é hoxe un exemplo de estabilidade, ambición e identidade propia no fútbol galego.



FOTO: MARINA SUÁREZ



| PLANTEL 2025/2026      |                         |
|------------------------|-------------------------|
| <b>PORTEIROS</b>       | <b>CENTROCAMPISTAS</b>  |
| ÁLEX REMIRO            | LUKA SUCIC              |
| UNAI MARRERO           | YANGEL HERRERA          |
| <b>DEFENSAS</b>        | <b>BEÑAT TURRIENTES</b> |
| IGOR ZUBELDIA          | BRAS MÉNDEZ             |
| ÁLVARO ODRIOZOLA       | PABLO MARÍN             |
| DUJE CALETACAR         | ARSEN ZAKHARYAN         |
| ARITZ ELUSTONDO        | <b>ATACANTES</b>        |
| SERGIO GÓMEZ           | ORRI ÓSKARSSON          |
| AIHEN MUÑOZ            | ANDER BARRENETXEA       |
| JON ARAMBURU           | GONÇALO GUEDES          |
| <b>CENTROCAMPISTAS</b> | TAKEFUSA KUBO           |
| MIKEL GOTI             | MIKEL OYARZABAL         |
| JON GORROTXATEGI       | UMAR SADIO              |
| CARLOS SOLER           | JON KARRIKABURU         |

# A REAL SOCIEDADE CHEGA A NEGREIRA CON FAME DE COPA

O histórico conxunto donostiarra, tres veces campión do torneo, inicia a súa andaina no García Calvo.

A Real Sociedade chega a Negreira para afrontar a primeira eliminatoria da Copa do Rei. Os vascos son un histórico do fútbol estatal, gañadores do título de Liga por dúas veces a comezos dos 80, mentres que na Copa do Rei suman tres títulos, o último deles na edición da tempada 2019/2020. A Real conta cunha das mellores canteiras do país e demóstrao case cada campaña. Nos últimos cursos participou en competicións europeas, incluíndo a presenza na Champions League da tempada 2023/2024. Traspasos importantes de internacionais como Mikel Merino, Zubimendi, Le Normand ou Aleksander Isak estiveron entre os máis altos do fútbol europeo, pero iso tamén levou a que os donostiarras estean a vivir unha etapa máis de reconstrución. O club conserva internacionais como Oyarzabal, Álex Remiro, Brais Méndez

ou Takefusa Kubo, ademais doutros mozos cunha proxección espectacular, sendo o diamante máis destacado o mediocentro Jon Gorrotxategi. Tamén chegaron a San Sebastián fichaxes de nome, como Gonçalo Guedes, Yangel Herrera ou Carlos Soler, o que fala claro sobre o potencial realista malia as vendas. Comezou tamén a etapa post Imanol Alguacil, o técnico que triunfou a gran nivel tras ascender desde a canteira e que, ao remate do pasado curso, puxo fin a un ciclo glorioso que se prolongou durante seis tempadas e media. A Real ten moitas esperanzas postas na Copa e, sen dúbida, tomará moi en serio o enfrontamento ante o Negreira no García Calvo. Non caben relaxacións se o obxectivo é aspirar ao título final.



# “NINGUÉN IMAXINABA PODER VIVIR ALGO ASÍ EN NEGREIRA”

O técnico da SD Negreira analiza o gran momento do club, que afronta unha histórica eliminatoria da Copa do Rei ante a Real.

**O** Negreira vive un momento histórico. A ilusión pola eliminatoria da Copa do Rei ante a Real Sociedade devolveu ao campo Xesús García Calvo a paixón dos grandes días, nun club que leva anos reconstruíndo o seu lugar no fútbol galego. Ao fronte está Adrián Vázquez, exfutbolista da casa e actual adestrador dun equipo que asinou unha tempada 2024/25 brillante, con subchampionato de Preferente e títulos na Copa do Sar e na Supercopa Galicia. Nas últimas datas, a redacción de Coruña Sport falou co místico sobre o camiño, o sentimento e o soño que está a vivir todo un pobo.

—**Adrián, contanos un pouquiño a túa traxectoria no mundo do fútbol antes de chegar ao banco da SD Negreira.**

Pois no mundo do fútbol comecei xa de pequeno, xogando nas categorías inferiores do Negreira. Despois, con 18 anos, xa subín ao primeiro equipo, en Terceira. Ascendemos a Segunda B, logo estiven un ano en Madrid, en San Sebastián de los Reyes, volví a Negreira, pasei por Santa Comba, Vilalba, Cerceda... e rematei no Dubra, onde me retirei.

—**E xa por entón tiñas paixón polo banco, por adestrar, non?**

Si, si. Mentres xogaba en Terceira e en Segunda B, que foi onde estiven a maior parte do tempo, aproveitei para adestrar categorías inferiores sempre que podía, saquei os títulos e a miña idea xa era ser adestrador. De feito, retireime no Dubra e ao ano seguinte xa collín o equipo. Era o que quería facer.

—**Na SD Negreira vivíchedes un ano espectacular, ao que só lle faltou a guinda do ascenso.**

Si, pero xa che digo: non era para nada o noso obxectivo. Éramos un equipo recién ascendido e o obxectivo era salvarse. Foi unha tempada case de dez, sen priorizar o ascenso. Quedar segundos ten moitísimo mérito, porque noutros anos iso daríache o ascenso directo. Disfrutamos o play-off, é certo que non chegamos nas mellores condicións e o Cambados foi superior nos dous partidos da eliminatoria. Pero non se pode pedir máis: gañamos a Copa do Sar e superamos con moito o que se esperaba ao comezo da liga.

—**E para este ano? Hai ilusión polo ascenso despois de quedar segundos?**

A ver, desde o club tampouco se nos marca ese obxectivo, porque a realidade é que temos unha plantilla moi curta, e sabemos que estamos nunha liga longa que vai ser complicada. Pero claro, se o ano pasado quedas segundo, todo o mundo espera que esteas arriba. O obxectivo é competir, que as lesións nos respecten e intentar repetir presenza en play-off, como o ano pasado.

—**E chegou a Copa do Rei, cun camiño longo que empezou na Copa do Sar e agora disfrutades cun premio histórico ante a Real Sociedade.**

Si, agora que o dis xa nin lembramos cando comezamos. Foi na Copa do Sar, despois Copa Deputación, Supercopa de Galicia e a eliminatoria co Textil Escudo de Cantabria. Fai moitísimo tempo e o premio que nos tocou foi algo que ninguén imaxinaba. Hai un ano ninguén contaría con isto. Agora só queda disfrutar ao máximo, competir o mellor posible e vivir un día que quedará no recordo de todos para sempre.

—**Como está vivindo o pobo esta experiencia?**

É unha tolemia. Eu creo que cando máis se notou foi a semana antes do partido de volta co Textil de Cantabria. Alí perderamos 2-1 e toda a semana só se falaba de remontar, de que viñese un equipo de Primeira. O sábado ante o Textil o campo estaba a reventar, gañamos 4-0 facendo un partidazo e a ilusión é máxima. Desde o sorteo coa Real todo o mundo pregunta polas entradas, polos detalles... Hai moitísima ilusión, de verdade.

—**Tamén será algo marabilloso para as categorías inferiores.**

Si, si. O día do partido co Textil foi espectacular: todo o mundo de vermello, tanto os rapaces das inferiores como a afección. Fixemos camisetas



FOTO: MARINA SUÁREZ

conmemorativas e houbo unha resposta increíble. Para os nenos é un luxo vivir isto, ver de preto aos maiores, e iso xera sentimento de pertenza. É moi bo para o fútbol base.

—**Como se prepara unha eliminatoria contra a Real Sociedade desde a perspectiva dun club modesto?**

Sinceramente, aínda non tivemos tempo. Tivemos que aprazar partidos de liga, xogar domingo, mércores, domingo... e agora mesmo recibimos ao San Tirso, que vai líder. Aínda non pensamos a fondo no partido da Real. Sabemos que hai moitísima diferenza, e o único que queremos é dar a mellor imaxe posible.

—**Mirando á liga, que equipos ves como candidatos aos postos altos neste grupo 1 de Preferente?**

A categoría é moi igualada, pero hai equipos fortes. San Tirso, Lalín... os que xa estiveron en play-off o ano pasado e seguen co bloque. Tamén o Ordes, ou o Puebla... equipos reforzados que van estar aí. Este ano creo que vai ser máis igualado porque non hai un equipo dominador como o Atlético Coruña do ano pasado, que marcou un ritmo doutra categoría. Vai estar todo máis aberto.

—**Un mensaxe para a afección.**

Que veñan o martes, que o pobo se vista de gala desde a tarde e que se disfrute do partido. Van poñer á venda 3.000 entradas e esperamos que se esgoten. Que sexa un recordo imborrable para todos.

—**Ti que o viviches todo no Negreira, cal é o teu momento máis especial?**

Como xogador, sen dúbida, o ascenso a Segunda B. Tiven a sorte de marcar o último gol e é un recordo que gardarei sempre. Como adestrador, o ascenso desde Primeira Rexional foi moi especial porque o Negreira levaba moitos anos nesa categoría e non era o seu sitio. Foi como quitarse un peso de enriba, unha especie de liberación.

—**Aquel ascenso desde Primeira non foi nada fácil, coincidíchedes con equipos moi potentes.**

Si, foi un ano durísimo. Batemos o récord de goles a favor, gañamos moitísimos partidos e aínda así tivemos que ascender na última xornada. Puebla, Unión, Cordeiro... todos fixeron moitísimos puntos. Foi unha Primeira Autonómica moi complicada. Por iso, cando o conseguimos, foi un alivio enorme.

—**E por último, como se viviu aquela Segunda B en Negreira?**

Daquela non se lle daba a importancia que agora se lle ve. Viñan xogar aquí equipos como o Rayo Vallecano, Las Palmas, o Pontevedra de Yuri e Charles... e non éramos conscientes do nivel. O campo enchíase todos os domingos, viñan xogadores de Primeira División, tamén o Atlético de Madrid B, o Celta B... Xente que acabou na elite. Eu tiña 20 ou 21 anos e non valoraba o que estabamos a vivir, pero agora, co tempo, vexo que aquilo foi algo espectacular.

—**Adri, moitísimas grazas por atendernos e moita sorte.**

Vale, grazas a vós. Un abrazo grande tanto para vós como para todos os lectores de Coruña Sport e Galicia Sport.



## JUAN DIEGO: “XOGAR CONTRA A REAL É UN SOÑO INIMAXINABLE”

O capitán do Negreira repasa a súa traxectoria no club da súa vila e celebra un ano histórico coa clasificación para a Copa do Rei.

A historia de Juan Diego Rodríguez é a dun futbolista criado no García Calvo, que medrou no fútbol base local, viviu os anos duros e hoxe lidera unha mestura de orgullo, compromiso e sentimento. Moitas tempadas despois de debutar en sénior, o capitán do Negreira afronta a ilusión máis grande da súa carreira: recibir no campo da súa vida a un campión de Primeira División.

— **Que significa para ti o Negreira, Juan? Canto tempo levas no club e como foi a túa historia nel?**

Pois nada, eu empecei no fútbol base aquí en Negreira, daquela só había outro club, o Nicrariense, que aínda existe. Como todos naquela época, comecei xogando aí. Logo, cando cheguei á etapa xuvenil, pasei á SD Negreira. Unha vez completei o fútbol base, seguí en sénior. Na miña primeira tempada tiña ficha do sénior B, que xogaba en Terceira Rexional, pero moitas veces subía tamén co sénior A, en Terceira División. Iba alternando entre os dous. A partir de aí estiven ata que o club casi desaparece. Nesa tempada funme ao Noia por unha serie de problemas que houbo: o club estivo a piques de desaparecer, non se chegaba a un acordo para formar unha nova directiva pola débeda que tiñan. Ao final, grazas á xente do pobo que puido montar esa xunta, o club saíu adiante.

Estiven en Noia e pronto xa fichara outra vez aquí, porque quería xogar no Negreira, que é o meu club. Pero o equipo non chegou a xogar a Primeira Rexional pola pandemia, e tiveron a sorte de que Iván Carril me chamou de novo para o Noia, onde xogamos en Preferente e logramos ascender a Terceira División ese ano. Eu tiña claro que ía ser unha tempada de paso, e cando o Noia ascendeu, xa avisara que volvería ao Negreira. É así foi. Dende entón, outras cinco tempadas máis aquí. En total, en sénior levo once anos, máis os do fútbol base.

— **Agora chega o premio gordo. Tras un ano que comezou coa Copa do Sar, o seguinte paso é a Copa do Rei contra un Primeira División.**

Para nós é un momento que temos que disfrutar. É unha ocasión que se vive moi poucas veces. Para os que somos de aquí é algo único. Sabemos o que custou dende aquela Copa do Sar que gañamos a penaltis ata aquel 28 de xuño na Copa Deputación xogando na Coruña. Lembro cando comezamos este pasado agosto coa Supercopa, que fomos a Velle un domingo ás seis da tarde con 42 graos. Fomos once xogadores do primeiro equipo máis tres xuvenís, con baixas por lesión e xente de vacacións. Custou todo moitísimo. Igual que en Areas, onde xogamos un partido moi difícil e a min tocouse facelo de extremo esquerdo, algo que non facía dende xuvenil. Foi un milagre sacar ese resultado alí e logo gañar aquí por 1-0 e celebrar a Supercopa. Despois tocounos viaxar a Cantabria, a un campo onde pensabamos que ían xogar máis directo, e igual o viaxe ou o exceso de voltas ao partido pasáronnos factura. Perdemos 2-1, pero aquí fomos moi superiores ao Textil Escudo e logramos a machada de clasificarnos para a Copa do Rei.

— **Tocouvos a Real Sociedad, un equipo que o gañou todo en España e xogou a Champions League hai pouco.**

Si, como ti dis, para todos nós e para o pobo é algo histórico. Co paso do tempo daráselle aínda máis valor. É a primeira vez que chega un equipo de Primeira División a xogar un partido oficial contra o Negreira. Vai ser un día para disfrutar todos, dende a previa ata o final, un día que quedará na memoria de todos.

— **Deixando a Copa a un lado: o ano pasado case gañades a liga en Preferente. Quedachedes ás portas. Este ano pasa por aí a ilusión?**

Si, o ano pasado comezamos bastante mal. A maioría do grupo viña de competir en Primeira Rexional, e o ritmo cambia moito, igual que de Preferente a Terceira. Custounos adaptarnos. Pero cando o fixemos, chegamos a estar a catro puntos do Atlético Coruña Montañeros, que para min era moi superior ao resto. No play-off non puidemos co Xuventude de Cambados, que foi mellor na ida e na volta, pero esta tempada tentaremos igualar como mínimo o que fixemos e, se podemos, loitar polo título. É un obxectivo que temos no plantel, pero que ninguén nos impón.

— **Como é o vestiario da SD Negreira 2025-2026?**

Pois moito do éxito vén de aí. Todos nos levamos ben, temos varios xogadores do pobo que levamos anos xogando xuntos, e o corpo técnico —Adrián, Óscar e Cheli— tamén son de aquí. Iso fai que haxa unha comunión real. O vestiario reboza alegría cando se gaña e tristeza cando se perde. Aquí ninguén se corta: dicímonos as cousas á cara, con sinceridade. Iso ten moito mérito e moito que ver co que estamos conseguindo.

— **A afición é outro dos puntos fortes, non?**

Si, a afición é un espectáculo. As dúas peñas naceron despois daquel partido de ascenso a Preferente contra o Eume, que perdemos a penaltis. Xa daquela o García Calvo estaba cheo, con xente nas bancadas e na varandilla. Dende entón non nos deixan sós. Viáxan con nós a Cambados, a Cantabria... Alí mesmo, en Cantabria, as gradas estaban 60-40, xa que viaxou moitísima xente de Negreira. Para nós é un impulso e unha motivación ver o campo cheo, tanto na casa como fóra.

— **E para rematar, un soño por cumprir coa camiseta do Negreira?**

Pois xa che diría que non me queda ningún. De pequeno soñaba con xogar nun equipo grande, pero cando chegas a certa idade, o soño pasa a ser xogar co Negreira en Terceira División. E cumpriño. Xoguei con xogadores que vía de pequeno, como Alberto Mariño, Rodri, Amoedo, Adrián Vázquez ou Óscar Vidal. Agora, vivir esta experiencia da Copa do Rei é un soño inimaxinable. Se me puidera retirar logrando un ascenso, sería perfecto. Pero imos paso a paso.



FOTO: MARINA SUÁREZ

## UNHA CANTEIRA QUE VAI A MÁIS E NA QUE O MILLOR ESTÁ POR VIR

O Negreira conta con oito equipos de base e unha infraestrutura que mellora a cada curso que se sucede.

A Sociedade Deportiva Negreira vive un tempo de crecemento sostido, e iso nótase en todos os recunchos do club. Non só o primeiro equipo deu pasos firmes, senón que a estrutura de base medra a un ritmo constante, sólido, esperanzador. O proxecto é real, tangible, e a sensación compartida entre técnicos, xogadores e afección é que o mellor aínda está por vir.

A día de hoxe, o Negreira conta con oito equipos de formación, un por categoría, e mesmo con dous cadros nas etapas de cadetes e alevíns, un sinal inequívoco da vitalidade da súa canteira. O traballo diario, discreto pero constante, comeza a dar os seus froitos: o club é xa unha referencia na comarca pola súa organización, pola súa seriedade e pola confianza que transmite ás familias e aos rapaces que soñan con vestir o escudo vermello.

Ese labor de base non é un simple discurso, senón unha realidade que xa se ve reflectida no primeiro equipo. Mozos en idade xuvenil como Dani Forján, Pablo Raviña ou Hugo Peillet deron o salto e saben o que é competir en

Preferente, converténdose en exemplo e inspiración para quen vén detrás. En Negreira, chegar non é unha utopía: é unha posibilidade real cando se traballa con compromiso, humildade e identidade.

O corpo técnico da base é outro dos piares fundamentais deste crecemento. Profesionais que coñecen o club, o fútbol e a realidade local: Francisco Raviña (Xuvenil), Raúl Cobas (Cadete A), Javi Suárez (Cadete B), Juan Vázquez (Infantil), Raúl García (Alevín A), José Couso (Alevín B) e Juan Manuel Berdullas (Benxamín e Prebenxamín). Todos eles forman un grupo entregado, con ideas claras e un obxectivo común: formar xogadores, pero tamén persoas, mantendo viva a esencia do Negreira.

Porque máis alá dos resultados, o que define hoxe á SD Negreira é un sentimento compartido: o de saber que o futuro está na casa, e que cada adestramento no campo de Cepelo é unha pequena inversión de ilusión no que está por chegar.

**CARPINTERÍA DE MADERA**  
**GARCÍA MAYO** Desde 1910

Cocinas de diseño    Locales comerciais    Puertas a medida  
Muebles para baños    Porches y pérgolas    Escaleras  
Armarios y vestidores    Suelos y tarimas    Pasamanos

**PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**    626 931 303  
antoniogarciparga@gmail.com

**RIALSA**  
CONSTRUCCIONES Y REFORMAS

**SANTIAGO RIAL**  
Telf. 600 010 090  
constrialsa@gmail.com

**INSTAVENT**  
ENTANAS

PVC • ALUMINIO • VIDRIO

**Negreira**  
Av. Santiago 54 Pl. Bj.  
686 77 06 95  
julio@instaventventanas.com





FOTO: MARINA SUÁREZ

PLANTEL 2025/2026

| PORTEIRA         | CENTROCAMPISTAS    |
|------------------|--------------------|
| LIDIA TURRADO    | LUCÍA SAMPEDRO     |
| DEFENSAS         | ATACANTES          |
| LAURA BLANCO     | CATHERINE GUSCÍN   |
| LAURA BARBOSA    | CRISTINA PÉREZ     |
| LUCÍA FREIRE     | AROA PEILLET       |
| MARÍA MAROÑAS    | NEREA MALLÓN       |
| UXÍA PÉREZ       | LAURA SOUTO        |
| LUCÍA RIAL       | AMELIA BERRAYARZA  |
| ANDREA RILO      | ATRÍD CAAMAÑO      |
| MIRIAM RUSO      | INÉS CAPEÑAS       |
| CENTROCAMPISTAS  | MARTA CERECEDO     |
| CLAUDIA QUINTELA | ALEJANDRA FERNÁNDO |
| LUCÍA OTERO      | ALBA FORJÁN        |
| OLALLA LIÑARES   | -                  |

# A SD NEGREIRA SEGUE MEDRANDO CO SEU EQUIPO FEMININO

O grupo conta con vintecatro xogadoras cargadas de ilusión e ganas de seguir crescendo no día a día.

A Sociedade Deportiva Negreira segue escribindo a súa historia con paso firme tamén en categoría feminina. O equipo afronta unha nova tempada na Terceira División da Liga Galega con 24 xogadoras cargadas de ilusión, compromiso e ganas de medrar. Máis alá dos resultados, o obxectivo está claro: mellorar, aprender e gozar do fútbol como o que é, un deporte colectivo que une e forma.

No vestiario reina un ambiente excepcional, de compañeirismo e alegría, onde cada nova incorporación se integra de inmediato. “Aquí quen chega, queda”, resumen dende o club. Esa química dentro e fóra do campo é unha das claves do proxecto.

Entre as caras novas destaca Catherine Guscín, unha incorporación moi especial. Exxogadora de hóckey a patíns, chegou a competir na elite nacional co HC Liceo, sendo recoñecida como unha das mellores gardametas do país. A súa chegada achega experiencia, carácter e un exemplo de paixón deportiva que traspasa disciplinas.

Á fronte do equipo están Tono Velo e Jano Fernández, dous adestradores que traballan con dedicación e proximidade cun grupo que ten moito que dicir nesta tempada. O Negreira feminino non só representa ao club, senón que se converteu nun verdadeiro orgullo para todo o pobo e a súa afección, demostrando que o futuro tamén se escribe con nome de muller.



**BEGOÑA GUZMÁN**  
PELUQUERÍA Y ESTÉTICA  
Salón orgánico y saludable



Cuida tu cabello con la coloración saludable de secretos del agua

TTO DE ALISADO AMINOPROTEICO

Los tintes tradicionales de cabello hacen que : pierda su brillo natural, se rompan y tenga una textura aspera

Plaza de Fuenterrabía, N°3, bajo, Santiago de Compostela -15702

peluqueriabegoguzman@gmail.com

**981 573 419**

Peluquería Begoña Guzman

@peluqueriabegoguzm

www.begoguzman.es

## Excavaciones Excadani

Empresa especializada en excavaciones y servicios forestales. Desbroce de fincas, zanjas para canalizaciones y construcción de muros, nivelado de tierras, explanados, compactación y preparación de terrenos, vaciados de tierras.

✉ danidani00@hotmail.es    📍 Excadani    ☎ 685 572 448

📍 Lugar Lueiro, 5 - LUEIRO - 15830 - Negreira (A Coruña)



## “QUEREMOS QUE O NEGREIRA FEMININO TEÑA UNHA BASE SÓLIDA E CONTINUIDADE NO TEMPO”

Tono Velo e Jano Fernández, adestradores do Negreira feminino, contan como naceu e medra un proxecto que xa é un orgullo para o club e para toda a vila.

Hai tres anos o Negreira decidiu dar un paso importante: crear a súa sección feminina. Daquela apenas había xogadoras, pero hoxe o equipo conta con máis de vinte rapazas, adestra con ilusión e forma parte esencial do club. Falamos con Tono Velo e Alejandro Fernández “Jano”, adestradores do conxunto feminino, sobre a orixe, o día a día e o soño de futuro dun proxecto que simboliza o crecemento do fútbol das mulleres tamén na comarca da Barcala.

—**Jano, Tono, como naceu esta historia da SD Negreira no fútbol feminino?**

O proxecto xurdiu hai uns tres anos, cando entrou unha nova directiva que quería facer medrar o club e coidar as categorías inferiores. Comezouse cun equipo de fútbol-8, que parecía complicado porque non sabiamos se habería rapazas dabondo, pero o ano seguinte xa demos o paso ao fútbol-11. Este é o segundo ano na modalidade e cada vez hai máis ilusión e máis xente implicada.

—**Era necesario que un club histórico como o Negreira tivese tamén fútbol feminino, non?**

Si, sen dúbida. Nos tempos que vivimos é fundamental que os equipos históricos de Galicia conten cunha sección feminina. O Negreira xogou incluso en Segunda B, e darlle espazo ás mulleres é un paso importante e moi positivo para o club e para todo o pobo.

—**Que obxectivos vos marcades ao fronte do equipo?**

Non nos poñemos un obxectivo de resultados. O que buscamos é afianzar conceptos e valores: o sentido de equipo, o feito de competir, de estar unidas, de crear grupo. Moitas rapazas son novas, algunhas nunca xogaran antes, así que o principal é que aprendan, que melloren e que disfruten co fútbol.

—**Como é o grupo humano que tedes?**

É un grupo moi compacto. A maioría son de aquí ou da contorna, moitas son amigas entre elas, e iso nótase moito no ambiente. Son rapazas ás que lles gusta o fútbol de verdade: se non xogan, van ver partidos doutros equipos do club —xovenís, veteranos, cadetes—. Viven o fútbol con paixón.

—**Hai moita diferenza entre adestrar un equipo feminino e un masculino?**

Hai diferenzas, pero máis pola experiencia das xogadoras ca polo xénero. Moitas delas comezan a xogar con vinte anos, mentres que un rapaz empeza con seis. Iso obriga a explicar conceptos que normalmente xa se traballan de pequenos. Pero unha vez entenden o xogo, é moi parecido: o compromiso e as ganas son as mesmas.

—**Como chegades vós a este proxecto?**

Estamos falando en conxunto, así que imos expresalo de igual maneira. Tono xa estaba no club botando unha man, e Jano chega este ano para botar



FOTO: MARINA SUÁREZ

unha man tamén. Ao principio parecía difícil incluso formar o equipo, pero pouco a pouco fóronse animando rapazas. Ao final conseguimos ter 24 ou 25 fichas, o que é un orgullo. Vemos que lles gusta, que queren aprender e que disfrutan, e iso é o máis importante.

—**O Negreira é un club moi familiar, non?**

Totalmente. Coñecémonos todos: xogadores, pais, nais, parellas... é un pobo pequeno e hai moita unión. Vas ao campo e atopas a xente das categorías inferiores, dos veteranos, de todo. Hai un ambiente de amizade e colaboración que se nota cada día. Aquí todo o mundo suma para facer medrar o proxecto.

—**Que mensaxe lle lanzaríades ás rapazas da contorna?**

Que se animen a probar. Todos os clubs teñen que empezar nalgún momento, e o Negreira é un bo lugar para facelo. Estamos comezando, pero con esforzo, ilusión e traballo pódese avanzar moito. As portas están abertas para todas as que queiran formar parte deste equipo.

—**Cal sería o voso soño a medio prazo?**

Que o Negreira feminino teña continuidade, que se converta nunha parte fixa do club. Queremos unha base sólida, non algo que se faga un ano si e outro non. O soño é que se dea por feito que sempre vai haber equipo feminino, con canteira, identidade e futuro.

—**E que sentides vendo ao club vivir momentos grandes, como a Copa do Rei do equipo masculino?**

É unha alegría para todos. As rapazas tamén o viviron con ilusión: foron todas ver o partido de ida a Cantabria, mesmo tivemos que aprazar un amistoso porque querían ir animar. Iso demostra o sentimento de club que hai aquí. Todos formamos parte da mesma familia: o Negreira.



## “ESTAMOS CREANDO A HISTORIA DO DEPORTE FEMININO EN NEGREIRA”

A capitá do equipo feminino da SD Negreira repasa os inicios do proxecto, a resposta da xente e os obxectivos dun grupo fantástico.

**M**aría Maroñas é a capitá da SD Negreira feminina, un proxecto recente pero cargado de ilusión. Fala con paixón sobre o proceso de creación do equipo, o apoio crecente do público, a diversidade do vestiario e o soño de consolidar un equipo feminino estable no club. Desde o seu papel de veterana, aposta por seguir medrando paso a paso e anima ás rapazas de Negreira a sumarse ao fútbol.

—**María, cóntanos un pouquiño como nace a túa paixón polo mundo do fútbol e como decides iniciarte neste deporte para competir.**

Bueno, desde pequena gustábame xogar. Xa nunha idade máis adulta empecei a competir no fútbol sala. E cando Julián, desde a directiva, contactou comigo para dicirme que ían poñer en marcha o proxecto de formar un equipo feminino na SD, e que se podían contar comigo para facer grupo e demais, aí naceu o debutar en fútbol campo, porque nunca antes xogara a fútbol-11.

—**É un proxecto que, aínda que recente, era moi necesario nun club histórico como o Negreira, non?**

Si, a verdade é que si. É un club que ten máis de 60 anos de historia. Ao longo dos seus anos conseguiu logros importantes, como o ascenso a Segunda B, e ten unhas categorías base ben estruturadas, unha boa infraestrutura e todo o necesario: directiva, corpo técnico, socios, público e afección. Faltáballe o feminino realmente.

—**E este equipo feminino tamén está a notar o apoio da xente.**

Pois mira, sinceramente, desde o comezo tivemos xa apoio. Con todo, o primeiro ano xogamos fútbol-8; o ano pasado foi o primeiro de fútbol-11 e este vai ser o segundo. E si que se nota evolución, porque ao principio estábamos un pouco máis soas en canto ao público, e partido tras partido cada vez vas enganando a alguén.

Tamén é certo que en Negreira non había tradición de deporte feminino en disciplinas colectivas, nin fútbol, nin baloncesto, nin nada. Entón partimos un pouco de cero. Era algo máis duro, pero a xente está respondendo moi ben, e iso é moi motivador.

Penso que estamos creando unha historia. Un club con máis de 60 anos que nunca tivera feminino... estamos escribindo algo novo.

—**Como é o vestiario da SD Negreira feminina?**

Pois mira, o primeiro ano saímos en fútbol-8, e non foi fácil xuntar ese equipo inicial, porque partimos dun núcleo urbano de arredor de 2.000 habitantes, sen fútbol base feminino nin canteira. A parte importante da plantilla a día de hoxe somos as que estábamos desde o inicio, e logo foise sumando xente. Cando o fútbol-8 quedou pequeno, demos o paso ao fútbol-11.

Non che vou dicir que é un vestiario homoxéneo, porque temos moita diversidade: idades desde os 16 ata máis de 30 anos, e traxectorias moi distintas. Algunhas fixemos fútbol sala, outras viñan do fútbol, outras do baloncesto, outras nunca participaran nun deporte colectivo.

Esa mestura, en vez de ser un problema, está funcionando moi ben. Hai moi boa conexión, complicidade e rendemento.



—**Ti es a máis veterana, pero dá a sensación de que tes corda para rato.**

(Risas) Pois non o sei. Ojalá que si, pero tamén son consciente de que hai que pensar na retirada. Paso a paso, ano a ano. Gústame pensar que estou aportando o meu gran de area nestes primeiros anos, que quizais son os máis difíciles, cando o equipo aínda non está consolidado nin ten un nome.

Agora mesmo o Negreira feminino non é unha oferta tan atractiva como o senior masculino, que si pode atraer rapaces doutras zonas. Nós estamos nunha fase de medrar. Por iso, se podo aportar e sumar, aí estamos. Os obxectivos son máis a longo prazo. Agora toca consolidar o equipo.

—**Un soño por cumprir?**

Pois iso, consolidarnos. Que o equipo se asente e que o fútbol feminino no Negreira teña continuidade.

—**Como está sendo esta liga de Terceira Futgal?**

O ano pasado tiñamos unha liga con desprazamentos longos, incluso a Lugo. Este ano tocounos un grupo diferente, con todos os desprazamentos dentro da provincia da Coruña. Prácticamente todos os equipos son novos para nós, porque non nos enfrontamos a eles o ano pasado.

En dous ou tres partidos xa se nota que hai equipos moi consolidados, con xogadoras que levan anos xogando e que se complementan moi ben. Son equipos fortes, pero tamén nos fan ver que podemos competir e que estamos no camiño correcto.

—**E para rematar, unha mensaxe para a afección.**

Pois que nos sigan apoiando como ata agora, e máis. E sobre todo, animar ás rapazas de Negreira: aínda que teñan 14 ou 15 anos e nunca xogaran, que se atrevan a probar. Moitos nenos empezan con 6 ou 7 anos, e moitas nenas fano moito máis tarde, pero nunca é tarde para empezar.

Agora mesmo o Negreira xa ten unha base moi boa, con nenas pequenas que tamén teñen o seu espazo. Ata categoría infantil poden ser equipos mixtos, pero despois non tiñan saída, e iso tampouco era atractivo. Se consolidamos o equipo senior feminino, cada vez haberá máis nenas na base.

Ás veces non se sabe se non hai equipo porque non hai rapazas, ou se non hai rapazas porque non hai equipo. É a pescadilla que se morde a cola. Así que esperamos que da base vaian saíndo xogadoras, que o número aumente e que nós, as que estamos, consigamos consolidar o equipo e medrar. Que o Negreira feminino sexa un equipo de referencia, igual que o masculino o é desde hai décadas.



## “O NEGREIRA ESTÁ VIVO GRAZAS Á SÚA XENTE”

Harris Forján, speaker e voz inconfundible do club, repasa con emoción a conta atrás cara á Copa do Rei.

Ás portas dun partido histórico fronte á Real Sociedade, Emilio “Harris” Forján, voz do campo e alma do micrófono na SD Negreira, repasa con emoción os días previos á cita máis esperada. Locutor, speaker e memoria viva do club, fala da ilusión que se respira no pobo, do recordo da Segunda B e do orgullo dun equipo que volve soñar vinte anos despois.

– **Harris, o primeiro, cóntanos un pouquiño. Semanas, imaxino, de tolemia, semanas especiais. Achégase esa Copa do Rei máxica, non? E a ilusión estará desbordada tanto no club como no pobo e na comarca.**

Pois si, mira, hoxe mesmo foi o primeiro día que se puxeron á venda as entradas e todo o mundo falaba do mesmo. Eu xa fun coller as miñas e unha amiga díxome que incluso comprou entradas para afeccionados da Real, porque están aquí en Galicia e non se queren perder o partido. Todo xira arredor do encontro, non só en Negreira, tamén en toda a zona: Brión, Ames, Santa Comba... Hai moitísima xente que adoita vir ver os partidos do Negreira e ninguén se o quere perder.

– **O club sabe o que é incluso a Segunda B, pero que significa para Negreira un acontecemento como a Copa ante un equipo de Primeira División?**

Eu sempre digo que nós somos un pouco os herdeiros daquel Negreira de Segunda División B, porque tamén estabamos alí. Naquel momento xa era speaker do equipo e vivín aqueles partidos. Mesmo colaboraba con medios como AS, enviando información dos encontros, que xa naquel tempo era algo histórico: aparecer en xornais nacionais como AS ou Marca, ou incluso en radios das Canarias. Aquilo foi histórico.

Agora somos un pouco os herdeiros daquel Negreira de Segunda División B. Xente que está na directiva, que colabora, que ten outras funcións, e todos sentimos que se está a repetir algo daquel espírito. O fútbol dálle de novo á xente a oportunidade de revivir aquelas sensacións que o pobo nunca esqueceu. E xusto agora, no 2025, cúmprense vinte anos daquel famoso ascenso histórico a Segunda B.

O club, ao final da pasada tempada, organizou un acto conmemorativo cos

An advertisement for the restaurant 'O Rei do Bocado'. The top part shows the interior of the restaurant with a circular logo that reads 'O REI DO BOCADILLO' and 'O Rei do Bocado'. A phone number '981 590 538' is displayed. The bottom part shows the exterior of the restaurant with a red sign that says 'O REI DO BOCADILLO' and a menu board listing 'Raciones', 'Platos combinados', 'Ensaladas', 'Sandwiches', and 'Hamburguesas'. The text 'Disfruta de nuestras especialidades o llévatelas a casa en un plis-plás' is overlaid on the image. At the bottom, the address 'C/ Rosalia de Castro, esquina Montero Ríos. Santiago de Compostela' and the slogan 'Ofrecemos las más amplia variedad de Bocadillos, Pollos Asados, Hamburguesas y mucho más.' are provided.

981 590 538

O Rei do Bocado

Disfruta de nuestras especialidades  
o llévatelas a casa en un plis-plás

C/ Rosalia de Castro, esquina Montero Ríos. Santiago de Compostela

Ofrecemos las más amplia variedad de Bocadillos,  
Pollos Asados, Hamburguesas y mucho más.



WWW.JLPUBLICACIONES.COM

CORUÑA SPORT - 21

FUTBOL PROVINCIAL - SD NEGREIRA



xogadores, corpo técnico, directivos e patrocinadores daquela época. Foi algo moi especial, apoiado por toda a xente de aquí, porque sen eles non se tería competido na antiga Segunda B, o que hoxe sería a Segunda Federación. Todo isto coincide xusto vinte anos despois e para Negreira é algo moi especial. Ninguén se o quere perder, e xa cho digo: a venda de entradas vai a un ritmo trepidante.

#### – De onde nace a túa paixón, Harris, por ser speaker?

A ver, eu traballo na radio dende hai moito tempo aquí en Negreira. O típico: ía ver os partidos do Negreira sendo rapaz, tiña amigos e compañeiros que eran xogadores, primeiro en xuvenís e logo convocados co primeiro equipo. Viaxaba con eles a Viveiro, a Burela, a sitios bastante lonxanos... viaxes de todo o día. Saías pola mañá e chegabas pola noite.

Empecei acompañando ao equipo nesas viaxes, ademais dos partidos na casa. E un pouco por aí comezou todo. A medida que o club foi medrando e chegou o momento culminante do ascenso de Preferente a Terceira, comezou a profesionalizarse un pouco máis, con máis estrutura e servizos: ter speaker, ofrecer as aliñacións, animar o público, poñer publicidade... Aí empezou a miña afección polo Negreira e por axudar ao equipo do pobo.

#### – E agora vén a Real Sociedade. Como speaker, tes algo especial preparado para ese partido?

Algo haberá, non podemos adiantar moito, pero si estamos preparando todo: música, ambiente... Sempre vai ser un partido especial e diferente. Por aquí pasaron equipos potentes como o Rayo Vallecano, Las Palmas, ou Deportivo da Coruña en pretempada, ou o Racing de Ferrol. Pero en Copa do Rei é distinto.

Este é un partido de Copa do Rei, cunha diferenza grande entre os dous equipos, pero sempre con respecto. Iso é algo que nos caracteriza: dá igual contra quen xoguemos, sempre mostramos respecto e damos a benvida á afección e á expedición rival para que se sintan a gusto en Negreira.

#### – A nivel de redes sociais, hoxe iso xa é outro mundo, non? Fundamental para calquera club.

Si, foi outra parte fundamental. Acordo cando o club practicamente non tiña redes sociais. Comezouse con algo de Twitter, logo Facebook, e a partir de aí foi medrando. Eu mesmo estiven moitos anos colaborando. Despois houbo unha etapa na que o deixei por cuestións profesionais, pero agora volvo axudar.

Tamén está o papel de Radio Negreira, onde traballo. Non se entende a historia do club sen a radio. Sempre foi o altofalante do equipo, chamando á afección cando facía falta, apoiando nos momentos clave. As redes sociais

cambiárono todo, claro: antes colocábanse carteis informativos polo municipio; agora hai comunicación constante con socios e seareiros. Dende esta tempada incluso temos un canal de WhatsApp onde os seguidores reciben a información antes ca nas redes. Son pasos cara a un club cunha estrutura consolidada.

#### – En Radio Negreira tedes tamén programación deportiva habitual, non?

Si, non todos os días, pero si de forma puntual. E toda a información relacionada co club ten presenza diaria nos informativos. Acordo na Segunda B, cando cada semana faciamos un programa especial polas tardes dedicado ao equipo. Pasaban por alí directivos, adestradores, futbolistas, mesmo rivais e seareiros. Foi unha época moi rica, con poucos medios pero moita ilusión.

#### – Un soño por cumprir como afeccionado.

Que se encha o campo. É o único que pido. Que haxa un gran ambiente. Hai quen di: “E se salta a sorpresa?”. Pode ser, pero como dicía Alberto Freire, pódelle gañar unha de cada mil veces a un equipo de Primeira División. O importante é que sexa un día de festa, de fútbol, de unión, e que reforce o vínculo entre a xente e o deporte. Esta é unha zona de gran cultura futbolística e merece a súa festa.

#### – Ademais, sodes un club con moitos socios, máis que moitos de Terceira.

Si. O paso pola Segunda B axudounos a medrar moito: no trato aos xogadores, aos equipos rivais, na atención, na cordialidade... Todo iso fixo que o club crecese. En Terceira División foi cando se consolidou a masa social, e agora todo iso estase a recuperar.

Non hai que esquecer que hai sete anos a SD Negreira estivo a piques de desaparecer polas débedas acumuladas durante máis dunha década. Foi xente do pobo a que se puxo á fronte e, en catro anos, non só pagaron a débeda senón que devolveron ao club a súa forza e a súa masa social.

#### – Máis alá da Copa, asinamos encher o campo e ascender a Terceira, non?

Gustárame, claro. É como a espíña que quedou do ano pasado, pero quizais non era o momento. Ás veces mesmo é mellor estar algo máis de tempo en Preferente, consolidar o proxecto, apostar pola base e dar protagonismo aos xogadores da casa. Seguir medrando en masa social e en canteira. Se non é este ano, será outro. Facendo as cousas ben, o Negreira volverá a Terceira, porque por estrutura e seguimento poucos clubs poden compararse ao apoio social que ten hoxe a Sociedade Deportiva Negreira.

#### – Harris, moitísimas grazas e moita sorte.

Veña, a ti, Álvaro. Un forte abrazo.

PULPERÍA - PARRILLADA

# O NEGREIRA

AVDA SAN MARCOS, 4  
15820 SANTIAGO

881.031.891



RC DEPORTIVO 2025 / 2026

| PORTEIROS         | CENTROCAMPISTAS     |
|-------------------|---------------------|
| DANI BACHMANN     | JOSÉ GRAGERA        |
| GERMÁN PARREÑO    | DIEGO VILLARES      |
| ERIC PUERTO       | RUBÉN LÓPEZ         |
| HUGO RÍOS         | CHARLIE PATIÑO      |
| DEFENSAS          | JOSÉ ÁNGEL JURADO   |
| LUCAS NOUBI       | MARIO SORIANO       |
| DANI BARCIA       | ATACANTES           |
| ARNAU COMAS       | DAVID MELLA         |
| GIACOMO QUAGLIATA | YEREMAY HERNÁNDEZ   |
| SERGIO ESCUDERO   | LUISMI CRUZ         |
| MIGUEL LOUREIRO   | STOICHKOV           |
| XIMO NAVARRO      | SAMUELE MULATTIERI  |
| SAMU FERNÁNDEZ    | ZAKARIA EDDAHCHOURI |
| QUIQUE TEJO       | CRISTIAN HERRERA    |

# O DEPOR BUSCA REENCONTRARSE COA COPA

O conxunto blanquiazul, gañador do torneo en dúas ocasións, parte coa ilusión de facer un gran papel.

O Deportivo da Coruña comeza a súa andaina na Copa do Rei con ganas de reivindicarse. Despois de anos sen destacar nesta competición, o cadro de Antonio Hidalgo aspira a dar un paso adiante apoiado na profundidade do seu banco e no bo momento da canteira. O primeiro obstáculo será o Sámano de Cantabria, rival que está debutando este curso na Segunda Federación e que afrontará o choque como local. A eliminatoria disputarase nun campo de dimensións reducidas, polo que non se espera un encontro doado para os herculinos. A seriedade e a adaptación ás condicións marcarán o desenlace.

## OPORTUNIDADES PARA A BASE

Hidalgo introducirá rotacións e poderían ter minutos Samu Fernández,

Noé, Mané, Teijo, Nsongo, Nájera ou Damián Canedo, exemplos do potencial que medra en Abegondo. Tamén podería chegar o debut do porteiro Eric Puerto, gardameta de grandes reflexos que deu un salto de madurez tras o seu paso polo Marbella como cedido.

O Deportivo, dobre campión do torneo (1995 e 2002), busca agora volver conectar cunha competición que forma parte da súa historia. Hai ilusión, hai fondo de armario e, sobre todo, a sensación de que este equipo volve crer en si mesmo. Está claro que o obxectivo prioritario da entidade pasa pola liga e pola búsqueda do ascenso a Primeira División, pero esta vez hai esa sensación en A Coruña de que o torneo do KO tamén pode dar alegrías nos seguintes meses.

**Mesón A RÍA Pulpeira**

CERRAMOS POR DESCANSO  
LOS DOMINGOS TARDE Y LUNES TODO EL DÍA

**A Ría**

**Mesón - Pulpeira**

981 663 142

Paseo dos Templarios, 5 - O Temple - Cambre



UD SÁMANO 2025/2026

| PORTEIROS       | CENTROCAMPISTAS |
|-----------------|-----------------|
| HODEI OLEAGA    | ANDER LAMBEA    |
| GORKA MASACH    | MARKEL GILETE   |
| DEFENSAS        | IZAN COCA       |
| JON LÓPEZ       | ARITZ ACARREGUI |
| XABI JAUREGUI   | ÁLVARO BERZOSA  |
| JULEN QUINTELA  | ATACANTES       |
| LUIS GÓMEZ      | JONÁS IBAÑEZ    |
| ÁLEX RESINES    | PABLO LOMAS     |
| AITOR ABAD      | DIEGO MARTA     |
| DEIBY OCHOA     | ANDER CASTILLO  |
| CENTROCAMPISTAS | PEDRO MÉNDEZ    |
| CÉSAR GIRÓN     | -               |
| UNAI VEIGA      | -               |
| DACIF AGUIRRE   | -               |

# A UD SÁMANO QUERE DAR GUERRA ANTE UN DOBRE CAMPIÓN

Os cántabros reciben ao Depor no campo de Vallegón e son conscientes de que na Copa todo e posible.

A Unión Deportiva Sámamo gañouse por dereito propio o protagonismo desta eliminatoria. O conxunto cántabro ascendeu o pasado curso a Segunda Federación, categoría na que debuta esta tempada e á que pouco a pouco vai collendo o pulso. A chegada dun histórico como o Deportivo desatou unha enorme alegría en todo o municipio, que vive estas horas con auténtica paixón.

Sámamo pertence ao concello de Castro-Urdiales e conta con arredor de 3.000 habitantes, unha cifra que fala con claridade do mérito dun club capaz de competir nunha división tan esixente. O seu campo, Vallegón, ten unhas dimensións de 98 por 63 metros e superficie de herba artificial, un factor que

pode equilibrar as forzas ante un rival de superior categoría.

O equipo local chega nun bo momento e aférrase á súa fortaleza como anfitrión para tentar dar a sorpresa. No torneo do KO, nada é imposible, e en Sámamo saben que eliminar a un dobre campión como o Depor sería un soño inesquecible para todo o pobo.

A cita supón tamén un acontecemento social para toda a comarca. As rúas visten as cores do club e o campo de Vallegón prepara unha das súas mellores entradas para recibir ao Deportivo. A ilusión é total e, máis alá do resultado, o Sámamo xa fixo historia logrando que o nome do seu pequeno municipio resoe en todo o fútbol español.




**Nº1 EN PUBLICACIONES DEPORTIVAS**  
**REVISTAS DE FIESTAS - GUIAS GASTRONÓMICAS**

TIMESPORT · IFESTAS · GUÍAS GASTRONÓMICAS · FRANQUICIAS

**LA MEJOR PUBLICIDAD PARA TU EMPRESA**

*Síguenos*  
en Redes Sociales

 GALICIASPORTPROGRAMAYPUBLICACIONES
 GALICIA\_SPORT
 GALICIA\_SPORT\_TV



A final do diluvio: o Dépor conquistou en 1995 a súa primeira Copa do Rei tras dous días de loita, inxustiza e gloria.

**E**ra a noite do 24 de xuño de 1995. Madrid abafaba tras un día de lume, e a calor seguía pegada ao aire cando o Dépor de Arsenio Iglesias saltou ao Santiago Bernabéu. Enfronte, o Valencia de José Manuel Rielo. Nas bancadas, máis de 25.000 deportivistas pintaban de branco e azul a capital. O Deportivo xogaba moito máis ca unha final: xogaba pola súa xente, pola súa historia e por un soño que levaba décadas agardando.

#### DO DOMINIO Á TORMENTA

O Deportivo entrou mellor no partido, mandando co balón e co carácter que o definía. No minuto 35, Manjarín abriu o marcador cun disparo cruzado tras unha gran xogada de ataque. O Bernabéu escoitou o berro galego e a esperanza medrou.

A partir de aí chegou o sufrimento. O árbitro García-Aranda negoulle dous penaltis clarísimos ao Dépor e anuloulle un gol completamente legal, cando o equipo galego era moi superior. E mentres tanto, o ceo comezaba a rachar. No minuto 70, Mijatović marcou de falta directa, pero xa chovía a mares. O campo era un barrizal, o balón apenas se movía e o encontro tiña que terse suspendido moito antes. O diluvio era total, os xogadores apenas se mantiñan en pé, e a tormenta fixo imposible continuar. No minuto 79, por fin, o colexiado detivo o partido. A final quedaba partida en dous: a historia conxelada na chuvia.

#### A CONTINUACIÓN TRES DÍAS DESPOIS

O 27 de xuño, o Santiago Bernabéu volveu abrir as súas portas. O ceo de Madrid estaba calmo, pero o aire seguía cargado de electricidade. Miles de deportivistas regresaron ás bancadas para vivir once minutos de historia. Nada máis reanudarse o xogo, o balón colgouse dende o medio do campo cara á área. Alfredo Santeleña adiantouse a Zubizarreta e cabeceou de maneira case imposible, enviando o balón á rede. 2-1. Un estoupido. Un berro colectivo. O primeiro trofeo da historia do Deportivo estaba a un paso. O Dépor defendeu con alma o que quedaba de tempo, e cando García-Aranda asubiu o final, o Santiago Bernabéu converteuse nun océano de alegría galega.

#### A NOITE NA QUE GALICIA TOCOU O CEO

Baixo os focos, Xosé Ramón ergueu a Copa ao ceo de Madrid mentres Arsenio Iglesias sorría coa calma dos mestres. No céspede, os xogadores cantaban e choraban; en A Coruña, as rúas rebordaban de xente e emoción. O Dépor, o equipo do diluvio e da dignidade, gañara con todo en contra: coa calor, coa chuvia e coa arbitrase. Foi o primeiro gran berro de gloria deste club e do seu pobo. E desde aquela noite, cada vez que chove en Riazor, Galicia lembra aquel día no que aprendeu que os soños tamén se poden gañar.

RESTAURANTE • CERVECERÍA

**Torre Internacional**

PARRILLA • RACIONES • PLANCHA

RESERVAS  
**881 968 627**

Av. Navarra, 53 • 15002 A Coruña

ESCANEA NUESTRA CARTA









## A FESTA ERA BRANCA, PERO O TROFEO FOI BRANQUIAZUL

Nunha noite pensada para o Real Madrid, o Deportivo fixo da capital o seu propio Riazor.

O 6 de marzo de 2002 o fútbol escribiu unha das súas páxinas máis lendarias. O Real Madrid celebraba o seu centenario coa final da Copa do Rei no Santiago Bernabéu, rodeado de reis, lendas e homenaxes. Todo estaba preparado para unha noite perfecta... salvo por un detalle: diante estaba o Deportivo da Coruña.

Aquel Dépor de Javier Irureta non era un convidado calquera. Era un equipo formidable, con carácter, talento e un fútbol tan valente como fermoso. Desde o primeiro minuto, os branquiazuis saíron a morder, sen complexos, coa determinación dos que saben que os sonhos tamén se conquistan.

E aos seis minutos, chegou o primeiro golpe. Sergio González, catalán de nacemento pero deportivista de corazón, colleu o balón nas tres cuartas partes do campo rival, avanzou con decisión nunha condución imperial, rompeu liñas, deixou atrás rivais e, diante de César, coloulle a pelota por debaixo das pernas. O Bernabéu non quedou mudo: máis de 25.000 deportivistas estalaron en euforia, convertendo o templo branco nun recuncho de Riazor en pleno Madrid. Non foi un disparo seco nin un golpe de fortuna: foi unha obra de convicción, clase e orgullo.

O Deportivo foi un vendaval, un torbelliño de fútbol que desbordou o Madrid na súa propia festa. Fran manexaba o xogo coa súa finura habitual, mentres Valerón e Mauro Silva ofrecían unha exhibición doutro planeta: o

canario distribuía maxia a cada toque, e o brasileiro impoñía orde e autoridade cunha claridade e elegancia que desesperaban aos Galácticos.

As ocasións sucedíanse unha tras outra, o segundo gol era cuestión de tempo, e chegou antes do descanso: Diego Tristán, coa frialdade dos elixidos, ampliou a vantaxe. O marcador puido ser de escándalo, porque o Dépor non só gañaba: dominaba con superioridade un escenario que se presumía imposible.

Na segunda metade, Raúl recortou distancias, pero o destino xa estaba escrito. O Bernabéu, preparado para coroar o seu centenario, asistía incrédulo á exhibición dun equipo que representaba a esencia do fútbol: traballo, talento e orgullo colectivo.

O 1-2 final coroou ao Deportivo da Coruña campión da Copa do Rei, o día do centenario do Real Madrid e no seu propio estadio. Aquel título converteuse en lenda inmediata, e o seu nome quedou gravado para sempre: o Centenariozo.

Esa noite, mentres os focos se apagaban en Madrid, A Coruña e toda Galicia acendíanse. As rúas convertéronse nun mar de bandeiras, bocinas e abrazos. Aquela non foi só unha vitoria deportiva: foi unha declaración de dignidade e grandeza.

O Dépor non estragou unha festa: creou a súa propia lenda.



**KIUSAO**  
KUNG FU

ESCUELAS  
WING CHUN &  
ARTES MARCIALES

POTENCIA TUS HABILIDADES, CREA TU DESTINO Y EQUILIBRA MENTE Y CUERPO

Fisioterapeuta

Técnico Deportivo

Cinturón Negro 5º DAN

Maestro de Entrenadores FELODA

20 años de experiencia en Artes Marciales

Instructor profesional de Wing Chun de adultos e infantil

Fundador de las Escuelas de Wing Chun KIUSAO KUNG FU



**MAESTRO SIFU JUAN SALDEÑO**

C/ Seavella, 7 (San Pedro de Visma) A Coruña  
661 778 091 (WhatsApp disponible)

Clases presenciales, clases online, clases privadas y vídeo-clases

kiusaokungfu.com





PLANTILLA 2025/2026

| PORTEIROS       | CENTROCAMPISTAS |
|-----------------|-----------------|
| MIQUEL PARERA   | AITOR GELARDO   |
| LUCAS DÍAZ      | SERGIO TEJERA   |
| CÉSAR FERNÁNDEZ | ÁLVARO PEÑA     |
| DEFENSAS        | CENTROCAMPISTAS |
| MARKEL ARTETXE  | PASCU ALBA      |
| ÁLEX ZALAYA     | JAIRO NORIEGA   |
| EDGAR PUJOL     | ATACANTES       |
| CHEMA RODRÍGUEZ | RAÚL DACOSTA    |
| SAÚL GARCÍA     | ÁLVARO JUAN     |
| ÁLVARO RAMÓN    | AZAZEL GARCÍA   |
| MIGUEL LEAL     | DAVID CONCHA    |
| ÁLVARO MARDONES | ANTÓN ESCOBAR   |
| CENTROCAMPISTAS | CENTROCAMPISTAS |
| ANDER GOROSTIDI | ÁLVARO GIMÉNEZ  |
|                 | -               |

# O RACING AFRONTA A COPA COA MENTE NA LIGA

O conxunto departamental visita ao Langreo na primeira rolda da Copa do Rei.

O Racing de Ferrol afronta a primeira eliminatoria da Copa do Rei cos pés na terra e as ideas claras: o obxectivo principal pasa polo campionato ligueiro. Porén, superar ao Langreo tamén entra nos plans, porque a ninguén lle amarga a posibilidade de recibir a un Primeira División en A Malata nas vindeiras roldas.

O conxunto verde marcha segundo na clasificación da regularidade, a só dous puntos do liderado que ocupa o CD Tenerife. É un ano de reconstrución tras o descenso desde Segunda, pero a ilusión volve desbordarse en Ferrol. O soño de regresar á categoría de prata palpase en cada xornada, e o

equipo está respondendo con solvencia ás expectativas.

Pablo López calou no banco e a súa proposta futbolística devolveu estabilidade e confianza ao Racing. Para o encontro copeiro haberá rotacións, e o partido preséntase como un banco de probas ideal —e tamén unha oportunidade— para que os xogadores menos habituais reclamen minutos na liga. O Langreo, pola súa parte, milita en Segunda RFEF e afronta o choque coa motivación que sempre esperta a Copa. Xogar en Ganzábal e sobre herba artificial igualará en parte as forzas, nun partido que promete intensidade, emoción e un premio moi apetecible para o vencedor.

## VO FERROL

### Vehículos de Ocasión





PLANTILLA 2025/2026

| PORTEIROS       | CENTROCAMPISTAS    |
|-----------------|--------------------|
| ADRIÁN TORRE    | IVÁN GONZÁLEZ      |
| YAN ANDRIN      | JUAN LÓPEZ         |
| DEFENSAS        | ÁLEX RENÉ REYES    |
| LIAM LÓPEZ      | PABLO PÉREZ        |
| DANI OJEDA      | BASILIO RENO       |
| ÁLEX MENÉNDEZ   | BENJAMÍN AYEBALE   |
| ENOL RODRÍGUEZ  | DIEGO BENAVENTE    |
| GILBERTO ZAPICO | ATACANTES          |
| DAVID ÁMEZ      | PABLO MAYA         |
| NACHO LÓPEZ     | OMAR ÁLVAREZ       |
| CENTROCAMPISTAS | MIGUEL A. GUERRERO |
| LUCAS SUÁREZ    | SAMU PÉREZ         |
| SERGIO ORVIZ    | -                  |

# O LANGREO BUSCA NO TORNEO DO KO O IMPUSO QUE PRECISA

O equipo asturiano non comezou ben a liga, pero confía en Ganzábal para plantar cara a todo un Racing.

A tempada non comezou da mellor maneira para a UP Langreo, que ocupa postos de descenso no grupo 1 da Segunda Federación. A competición apenas deu os seus primeiros pasos e o lugar na táboa é, por agora, máis anecdótico ca alarmante. Con todo, a Copa do Rei preséntase como unha oportunidade perfecta para cambiar a dinámica, recuperar ilusión e atopar ese punto de inflexión que reactive ao equipo.

En Ganzábal, o factor campo igualará forzas. A herba artificial e o empuxe da afección poden xogar un papel decisivo ante un rival de entidade como o Racing. En Asturias ninguén descarta unha sorpresa: o soño de eliminar a un equipo de Primeira Federación e gañar o dereito a medirse a un Primeira División é, a estas alturas, combustible suficiente para o optimismo.

O conxunto langreán reformouse este verán cun proxecto novo e moi xuvenil —a media de idade apenas supera os 21 anos— apostando por xogadores libres e con proxección. Chegaron Samu Pérez (UD San Sebastián de los Reyes), Álex René Reyes (UD Llanera), Dani Ojeda (CD Laredo), David Ámez (Palencia CF), Iván González (Real Oviedo Vetusta), Gilberto Zapico (L'Entregu CF), Borja Vicente (Real Titánico), Benjamin Ayebale (Rayo Vallecano C) e Basilio Rieno (Burnley U21). Pola súa banda, Enol Rodríguez ascendeu dende o filial.

Con eles, o Langreo afronta a Copa con frescura, valentía e moito por gañar. Ganzábal volverá ser un volcán azulgrana, soñando con que unha noite máxica de Copa devolva ao equipo o rumbo e a confianza perdidos.



**ESPECIALISTAS EN CONSTRUCCIÓN,  
REFORMAS, REHABILITACIÓN E INSTALACIONES  
DE ASCENSORES EN EDIFICIOS.**

[www.grupourbania.es](http://www.grupourbania.es)



- REFORMAS INTEGRALES · MONTAJE DE ASCENSORES
- INSTALACIONES ELÉCTRICAS
- INSTALACIONES DE FONTANERÍA
- MANTENIMIENTO DE INSTALACIONES Y EDIFICIO
- PINTURA E IMPERMEABILIZACIÓN

**Telf: 981 356 877**

**Plaza Las Angustias - Ferrol**

**info@grupourbania.es grupourbania.es**

# VIMIANZO,

## O CORAZÓN DA TERRA DE SONEIRA



## VÍCTOR MUÍÑO: "O DEPORTE É CULTURA, E SEN DEPORTE E CULTURA O RURAL NON TEN NADA"

O tenente alcalde de Vimianzo fai balance da lexislatura, destaca o investimento en infraestruturas deportivas e reivindica a paixón polo fútbol da Costa nunha conversa sincera e próxima.

O tenente alcalde de Vimianzo, Víctor Muíño, analiza a metade da lexislatura cun discurso próximo e cheo de paixón polo deporte local. Fala do novo campo de fútbol, do impulso ao deporte feminino, da forza do Soneira e do Baíñas e da importancia de manter viva a actividade deportiva no rural. "O deporte é cultura", asegura, convencido de que sen esas dúas patas "o rural non ten nada".

**"Estamos ledos tanto a nivel deportivo como municipal"**

— **Estamos a metade de lexislatura. Hai motivos para estar satisfeitos, tanto no plano deportivo como no municipal.**

— A verdade é que podemos estar ledos, sen dúbida. No deporte, temos unhas instalacións que custan moito manter, pero das que podemos estar orgullosos. Inauguramos un campo de fútbol que hoxe é a envexa da comarca: quedou moi ben e todo o mundo está contento. Desde que entramos no goberno foi sempre unha prioridade. O campo era moi necesario, porque agora hai moitos equipos —entre Baíñas, Soneira, Escolas do Soneira...— e hai que axudar en todo o que se poida. As instalacións son magníficas.

— **A inversión deportiva de Vimianzo é notable, mesmo por enriba doutros concellos con máis habitantes.**

— Si, é certo. Iso igual debería dicilo a alcaldesa, pero é verdade que a inversión en deporte en Vimianzo é moi importante. Son cartos moi considerables.

— **Tamén organizades moitos eventos deportivos que teñen repercusión económica e social para o pobo.**

— Así é. Agora mesmo temos tamén eventos moi innovadores, como os do circuito de Trial, alí arriba, no Monte Faro, que trae xente de toda España. Son cousas que contribúen a dinamizar Vimianzo e nós colaboramos en todo o que podemos.

**"O Baíñas e o Soneira son dous exemplos de compromiso local"**

— **Falando de fútbol, o Baíñas é un club con moita implicación social.**

— Si. O Baíñas deu un paso importante a nivel directiva, cambiou xente e seguiu medrando desde a súa fundación en 2012. Leva dous ou tres anos apostando por xente da casa. Os resultados non sempre acompañan, pero o importante é manter viva a esencia da parroquia e do pobo.

— **E o Soneira tamén está nun bo momento.**

— Claro que si. Todo o que fan polo pobo está moi ben. Ademais do equipo masculino, o traballo do Soneira é admirable: dous equipos femininos —senior e cadete—, moita actividade... é de admirar o esforzo que están facendo en todos os sentidos.

**"O deporte feminino e moi importante para un pobo como Vimianzo"**

— **O deporte feminino medrou moito nos últimos anos.**

— A verdade é que si. En Vimianzo está medrando moitísimo tamén, e o fútbol non é menos. Para un pobo como o noso ter dous equipos femininos é algo que outros envexan.



CD BAÍÑAS

**"A Costa vive o fútbol con coraxe e paixón"**

— **De onde che vén a túa paixón polo deporte?**

— Desde que o meu irmán Pablo Muíño xogaba. Sempre lle gustou moito o fútbol e eu non perdía un partido. A miña muller Raquel tamén é moi afeccionada. Desde aquela final da Copa da Costa en Baio, cando gañou o Dumbría, sempre fomos aos partidos. Agora tamén o meu fillo Iker xoga, e o outro neno vén detrás. Non hai fin de semana que non vaíamos a un campo de fútbol.

— **Que ten a Costa da Morte para vivir o fútbol con tanta intensidade?**

— Eu creo que é a coraxe. Aquí hai unha intensidade distinta. A Costa ten coraxe, ten paixón, e a xente volcase cos equipos. Iso non se ve noutros sitios.

**"A xente do Baíñas sempre estivo volcada"**

— **No Baíñas a veciñanza sempre respondeu.**

— En Baíñas, onde vivimos, somos uns 900 habitantes, e a xente volcouse desde o primeiro día. Fundouse en 2012 o club e sempre houbo apoio total. Iso é algo que admiro da Costa: o pobo sempre se implica.

— **Ti mesmo formaches parte da directiva.**

— Efectivamente, desde a fundación, como vocal no 2012, e fun presidente entre 2016 e 2018. Despois chamárame Mónica para acompañala nas listas e seguimos gobernando na actualidade.

**"O deporte é necesario para todo, tamén no rural"**

— **Para rematar, unha mensaxe para a veciñanza.**

— Eu insisto en que toda a xente faga deporte, sexa fútbol, fútbol sala ou o que sexa. O deporte é necesario para todo. Ademais é cultura: deporte e cultura van da man. É moi importante para os pobos do rural, porque se non temos deporte nin cultura, non temos nada. E tamén é ocio e convivencia.



**30 AÑOS  
APLICANDO SATE**

**MÁS DE 20 AÑOS  
REALIZANDO PROYECTOS  
DE CONSTRUCCIÓN  
Y REHABILITACIÓN  
EN GALICIA**



**EDIFICACIÓN - PROYECTOS DE OBRA NUEVA - INTRAESTRUCTURAS  
REHABILITACIÓN Y REFORMAS - GRANDES PROYECTOS (EDIFICIOS)  
DISEÑO DE INTERIORES - COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD**



[www.alviteparis.es](http://www.alviteparis.es)

**A Santa,1 - MUIÑO - 15858 - Zas (A Coruña)**



# DISLUME

SOLUCIONES EN CALOR



# DISLUME

SOLUCIONES EN CALOR

📍 A ESCRAVITUDE, PADRÓN

📞 +34 653 392 806

📞 981 074 541



[www.dislume.com](http://www.dislume.com)



# CD BAÍÑAS: DOCE ANOS DE FÚTBOL E ORGULLO EN VIMIANZO

Un club novo, nacido en 2012, que fixo do esforzo e da identidade a súa bandeira no fútbol da Costa da Morte.

**E**n Baíñas, o fútbol non é só un xogo: é unha maneira de estar xuntos. Desde que no 2012 un grupo de veciños decidise fundar o Club Deportivo Baíñas, a historia do equipo escribiuse con mans de barro, con tardes de chuva e cunha ilusión que non entende de categorías. Doce anos despois, o club segue avanzando paso a paso, competindo esta tempada no grupo costeiro da Terceira Futgal, onde suma xa seis puntos tras dúas vitorias que confirman que o Baíñas é, por riba de todo, constancia e sentimento.

## UN CLUB NOVO CON ALMA VETERANA

Poucos proxectos transmiten tanto agarimo coma o do Baíñas. Non naceu para ser grande, senón para perdurar. Para ofrecer un lugar onde xogar, compartir e defender as cores dunha parroquia que sempre tivo alma futbolística. Cada domingo, o campo échese de voces coñecidas, de pais, fillos e avós que seguen o partido coa mesma paixón coa que hai anos animaban aos

equipos da comarca.

O presente do club invita ao optimismo. Seis xornadas, dúas vitorias e a sensación de que o grupo compite con orgullo, sen complexos. Na Terceira Futgal costeira, onde cada punto se loita como unha final, o Baíñas demostra que non está de paso.

## PLANTEL CON RAÍCES E COMPROMISO

O técnico José Antelo dirixe un equipo equilibrado, deses que mesturan oficio e xuventude. Na portería, Fabián Pérez consolidouse como titular, transmitindo seguridade e liderado. Na defensa, veteranos como Esteban Lado ou Rodri Quintela achegan experiencia xunto a nomes novos como Manuel Arias ou Samuel Quintáns, que suman minutos e quilómetros coa camiseta verde.

No centro do campo, o Baíñas ten o seu motor: Santi Moreira, que xa leva

MONTAJES METÁLICOS

# LAYSAN

Telf.: 981 89 22 06 - info@mmlaysan.com

MONTAJE DE NAVES INDUSTRIALES  
ESTRUCTURAS METÁLICAS - CERRAMIENTO PANEL  
CHAPA - AIREACIÓN - VENTA DE PANEL Y DERIVADOS

J.L. FIDALGO  
Carpintería

Telf. 981 73 75 28  
Móvil: 636 71 68 84  
Meanos - Zas  
carpinteriafidalgo@gmail.com

José Luis Fidalgo Fidalgo

**TRANSPORTES LEMA**

Orbellido, 24  
15129 - Vimianzo (A Coruña)  
☎ 637 524 275  
Fax: 981 741 172

SISTEMAS DE CALEFACCIÓN

# Javier Fernandez

☎ 686 945 497

Baiñas, 27 • 15127 VIMIANZO  
syscalfernandez@gmail.com





dous goles, Kevin Fandiño, Crisca e Esteban Canosa dan equilibrio a un bloque que pelexa cada balón. E arriba, a referencia ten nome propio: Ruli, autor de seis tantos en seis xornadas, é a alma ofensiva dun equipo que vive cada partido con fe.

Arredor deles, xogadores como Aníbal, Ibrahima ou Marcos Domínguez completan un grupo humilde pero entregado, que representa á perfección o que é o fútbol da Costa: sacrificio, camaradería e amor polo escudo.

### O VALOR DO PEQUENO

O CD Baías non se mide por trofeos nin titulares. Mídese polo que deixa na súa xente. Polos nenos que soñan con xogar algún día no equipo, polos veciños que enchen as bancadas cada domingo, por ese orgullo sereno de quen sabe que a camiseta verde ten historia aínda que non teña cen anos.

Nunha comarca onde o fútbol se sente máis do que se presume, o Baías é un símbolo do que significa crer no propio. Non precisa grandes orzamentos nin estrelas. Chégalle co de sempre: traballo, unión e paixón por un balón que roda dende o corazón de Vimianzo.

Porque o Baías non xoga só para gañar. Xoga para que a súa historia siga medrando, xornada a xornada, ao ritmo da súa xente.

### CD BAÍÑAS 2025/2026

| PORTEIROS         | CENTROCAMPISTAS  |
|-------------------|------------------|
| DAVID CAAMAÑO     | FABIO ALLO       |
| FABIÁN PÉREZ      | CRISTIAN CANOSA  |
| DEFENSAS          | ESTEBAN CANOSA   |
| DANIEL MARTÍNEZ   | KEVIN FANDIÑO    |
| DARÍO BLANCO      | LEANDRO CONDE    |
| ESTEBAN LADO      | SANTI MOREIRA    |
| FABIÁN AGUILLEIRO | ATACANTES        |
| GUSTAVO FREIRE    | ANIBAL CALO      |
| MANUEL ARIAS      | IBRAHIMA THIAM   |
| PABLO LADO        | MARCOS DOMÍNGUEZ |
| RODRI QUINTELA    | RAÚL ANTELO      |
| SAMUEL QUINTÁNS   | -                |



## Elpe Sistemas, S.L.

C/ Touriñana, 70  
15140 - Meicende  
Arteixo - A Coruña

## Ángel Carlos Lage Pérez

Director Gerente

Teif.: 981.145.518

Mov.: 629.287.241

Mail: angel@grupoelpe.com

# GRUPO ELPE

sistemas & electromecánica

[www.grupoelpe.com](http://www.grupoelpe.com)

# GANADERÍA **XESTEIRO** “O PATAS”

**COMPRA - VENTA  
DE ANIMALES**



**Telf. : 649 168 858  
Langueirón - Zas (A Coruña)**



# XEA

## Protección Animal



Bingo - 4 meses



Flufly - 5 años



Fira - 3 años



Lola - 1 año



Uva - 8 meses



Lucy 5 años



MariPili - 10 años



Lina - 5 años

**Metodo XEA**

**Adopcion**

Con cada adopcion ayudas a que mas animales puedan tener sus gastos cubiertos al 100%

**ADOPTA CON XEA :**

**[www.xea.gal](http://www.xea.gal)**



**881061788**



**[info@xeagalicia.com](mailto:info@xeagalicia.com)**





## “ESTE AÑO TEMOS NOVA DIRECTIVA E OS XOGADORES ESTÁN MOI IMPLICADOS”

Juan Silva Jallas é o presidente do Club Deportivo Bañas dende a fundación da entidade no ano 2012.

**O**Bañas cumpre xa máis dunha década de vida desde a súa fundación en 2012. A entidade, símbolo do fútbol modesto en Vimianzo, afronta unha nova etapa con directiva renovada, moita ilusión e un proxecto que segue medrando ano a ano. O seu presidente, Juan Silva Jallas, lembra os inicios e analiza o presente dun club que é orgullo da parroquia.

«Nun sitio pequeno como Bañas, sacar un equipo adiante non é fácil»

—Presi, a historia do Bañas comeza no ano 2012. Son xa trece anos de camiño, moita ilusión e tamén moito traballo, non?

—Si, si. A verdade é que con moito traballo, como todas as cousas, sobre todo nun sitio pequeno como é Bañas. Sacar un equipo adiante non é nada doado.

—**Como xorde a idea de crear o club?**

—Pois mira, eu fora presidente do Soneira entre 2008 e 2012. Despois de catro anos, e tras gañar a Copa da Costa, decidín marchar. Aí foi cando, falando con varios rapaces da zona, decidimos montar o Bañas. Uns cantos de aquí puxémonos mans á obra, e así empezou todo.

—**E nestes trece anos houbo tamén alegrías deportivas.**

—Si, si. Gañamos dúas ligas de Terceira e logramos dous ascensos. Non está nada mal para un equipo novo.

«**Temos moita ilusión por volver competir en Segunda**»

**CUOR**  
MARMOLERIA

TELF.: 669 110 351  
[www.cuormarmoleria.com](http://www.cuormarmoleria.com)

**COBIJO**  
OBRAS Y REFORMAS S.L.

Albañilería - Estructura  
Reforma - Rehabilitación

660 39 92 55  
[cobijosl@gmail.com](mailto:cobijosl@gmail.com)

Construcción en general

**PINTURA**  
Y DECORACIÓN DANI MUÑOZ

Profesional de la pintura que realiza trabajos en viviendas, locales comerciales, comunidades... tanto interiores como exteriores, así como colocación de papel pintado.

Olveira, 9 - 15151 - Dumbría (A Coruña) 671 450 975

**Transportes Costa**

**Vehículos Costa S.L.**

Bañas - Vimianzo (A Coruña)  
e-mail: [info@autoscosta.es](mailto:info@autoscosta.es)  
[www.autoscosta.es](http://www.autoscosta.es)

Telf. 981 74 11 43  
Móviles: 600 39 08 19  
678 42 11 89



—Como se presenta esta tempada 2025/26?

—Este ano hai unha directiva nova, somos dez persoas traballando e os xogadores están moi implicados. Hai moita ilusión, e cando hai ilusión, todo sae mellor. O obxectivo é facer un bo equipo para intentar o ascenso a Segunda. Quizais non sexa este ano, pero ese é o noso proxecto: volver competir en Segunda.

—Xogar na Liga da Costa segue sendo especial, non?

—Si, para min é das máis bonitas que hai. Cando estiven no Soneira percorremos moitos campos, e ningún ambiente é como o da Costa. Só hai que ver o que se move nunha final da Copa da Costa: a xente, a paixón... é increíble.

«As novas instalacións son unha marabilla; o campo Irmandiño é dos mellores da Costa»

—Como ves as instalacións novas e como é a relación co Concello?

—Moi ben, a verdade. O Concello portouse de marabilla. Este sábado pasado inauguramos o campo novo, coas instalacións completamente reformadas. Para min é un dos mellores campos da Costa, con moita diferenza.

—Estivéchedes xogando no Conco mentres duraban as obras, non?

—Si, e agora xa entramos a xogar en Vimianzo. É unha ilusión enorme estrear o novo terreo de xogo, agora chamado campo Irmandiño. A inauguración foi espectacular: estivo o presidente da Federación, representantes da Deputación, moitos alcaldes de pobos da Costa... foi unha festa para todos.

«A afección é moi fiel e o club conta con máis de 250 socios»

—Como responde a afección?

—Moi ben. Temos unha afección fiel e cada vez máis xente se achega. Os xogadores son da zona, coñécense entre eles e iso tamén atrae ao público. Xa temos 21 fichas e hai rapaces que queren vir, o cal é boa sinal.

—E en canto a socios?

—Pois arredor de 250 ou 300 socios. É unha barbaridade para un equipo de Terceira. A xente é moi fiel e colabora sempre, tanto co carné coma co que faga falta.

«O noso soño é estar en Segunda e consolidar o proxecto»

—Hai algún soño por cumprir?

—O noso soño é estar en Segunda e consolidar o proxecto. Somos un equipo dunha aldea e non aspiramos a máis. O importante é competir ben, manterse e seguir facendo as cousas con ilusión.

—Pensades crear fútbol base ou equipo feminino?

—Co tempo pode ser. Cada vez hai máis rapaces que queren vir, e o fútbol feminino está en auxe. Aquí na Costa mesmo xa hai máis público nalgúns partidos femininos que nalgúns masculinos, así que non o descartamos para nada, nos gustaría moito ter equipo feminino.

«O Baías é o equipo de todos: compartimos campo e amizade»

—Para rematar, presi, que mensaxe lle mandas á xente de Baías e de Vimianzo en xeral?

—Que se animen, que o Baías é o equipo de todos. Compartimos campo e amizade co Soneira, somos do mesmo concello e levámonos ben. O importante é que a todos nos vaia ben e que o fútbol da zona siga vivo.



**Mármoles Martínez**

Julián: 630 848 027  
Lg. As Antes - Arantón 15845  
SANTA COMBA (A Coruña)  
Marmolesmartinezsc@gmail.com  
@martinez\_piedras




**AVICOR**  
DISTRIBUCIÓN VERNICES E PINTURAS

- PINTURAS DECORATIVAS E INDUSTRIALES
- IMPERMEABILIZANTES
- AISLAMIENTO TÉRMICO SATE
- TRATAMIENTO DE MADERA
- SUELOS VINÍLICOS...

Avda. Alfonso Molina, 108  
15840 SANTA COMBA (A Coruña)  
T: 881 822 727 - santacombadistribuciones@gmail.com

Edif. Rubén, 10 bajo. Lg. O ALLO - Baio  
15150 ZAS (A Coruña)  
T: 981 719 144 - distribucionesavicor@gmail.com

A Rega - Bértoa, 2  
15100 CARBALLO (A Coruña)  
T: 981 700 360 - almacenesavicor@gmail.com



**REPRESENTACIONES JUUN**

Telf./Fax: 981 74 11 10 - Móvil: 649 42 74 93 - Baías - Vimianzo (A Coruña)  
juansilva809@gmail.com

*Selecciona variedade del mar y de la tierra*

**PRODUCTOS FRESCOS Y CONGELADOS  
PRODUCTOS REFRIGERADOS**







## ESTEBAN CANOSA: “O IMPORTANTE É QUE O EQUIPO POIDA SEGUIR COMPETINDO”

O capitán do CD Baíñas tamén forma parte da nova directiva, do mesmo xeito que moitos xogadores do plantel.

**O**Baíñas comeza unha nova etapa chea de ilusión. Despois de máis dunha década de vida, o club da parroquia vimiancesa afronta o curso 2025/26 con directiva renovada, campo novo e moitas gañas de manter vivo o fútbol nunha das zonas máis futboleras da Costa da Morte. Á fronte, como capitán e un dos impulsores do proxecto, está Esteban Canosa Cambeiro, que combina o papel de xogador, directivo e veciño comprometido co seu equipo.

—O Baíñas é un club que naceu no ano 2012 e parece que está nun novo proxecto, non? Con directiva nova e todo a tope, para comezar unha nova etapa que ilusiona a todo o pobo e a toda a parroquia.

—Si, si. Este ano tomamos a decisión de dar un paso ao fronte e coller o equipo, formar unha nova directiva, porque a xente que estaba antes é normal que estivese un pouco cansa. Son moitos anos, estaban desde o inicio, e entendo perfectamente que quixeran descansar, porque o fútbol ao final roubache moito tempo. Pero aínda así están aí para o que faga falta,

sempre botando unha man. Agora tócanos a nós, e nada, a ver o que sae este ano. Con traballo e esforzo, como digo eu, a ver o que pasa.

—Tamén segues sobre o campo, non? Ao fin e ao cabo é o máis bonito de todo isto.

—Si, si, iso é verdade. Estiven dous anos parado por unha lesión no xeonllo. O ano pasado xa estaba recuperado, pero non me sentía con confianza para volver xogar. Este ano, cando vimos que o equipo se ía dar de baixa, decidín dar o paso adiante, falei con varios xogadores que seguían no equipo e entre todos decidimos coller o proxecto. Así que aquí estou, xogando, formando parte da directiva e axudando no que se pode, como todos.

—Como é este Baíñas 2025/26? Que ambiente hai no vestiario?

—O vestiario ten moi bo ambiente, de verdade. Moi boa relación entre todos, e o adestrador é de dez. Para ser algo feito case a última hora —non quedaban nin dúas semanas para comezar a liga— a verdade é que estamos

**Transportes**  
  
**AB**  
**Adrián Bustelo**  
 660 25 9479  
 adrianbustelo69@gmail.com

Florería Carlin. Baiñas . teléfono 660262372

**GANADERÍA ISMAEL QUINTÁNS**  
  
 VENTA DE BECERROS  
 CALIDADE SUPREMA  
 669 011 658  
 Subeiro. I - Serramo  
 Vimianzo - A Coruña

**GANADERÍA FREIRE**  
 TEL.: 667 91 19 72  
 981 71 10 19  
 CABAZAS - BAIÑAS



moi ledos. Hai cousas que mellorar, claro, pero tampouco nos marcamos grandes obxectivos. O noso obxectivo era que houbera equipo e que saíra a competir, e iso conseguíuse. Ese xa é un paso importante. Agora con calma e paciencia: se este ano non sae todo perfecto, pois o vindeiro tentárase mellorar. E se algún día se pode xogar unha liga máis arriba, perfecto; se non, estaremos en Terceira. O importante é que o Baiñas siga competindo.

—Que siga ese proxecto que comezou no 2012.

—Exactamente. Ao final somos unha parroquia, non somos nin concello nin o primeiro equipo do concello, e para nós é algo moi bonito. Que o domingo poidas ir ao campo de fútbol, ver á xente —que somos todos coñecidos—, e pasar un bo rato. A min iso gústame moito: que a xente veña ao fútbol, que se fale do Baiñas, que se manteña o ambiente.

—Estreades campo novo. Imaxino que moi contentos tamén por iso.

—Si, home, si. Tiñan moita falta de mellorar as instalacións, sobre todo o céspede, que xa pedía un cambio urxente. Por fin o renovaron, e tamén hai que darlle o mérito ao concello polo traballo que fixo. Ata agora xogabamos no Conco, en Dumbría, e estamos eternamente agradecidos a eles. Portáronse con nós de dez, unha marabilla, e déronnos todas as facilidades posibles. Iso tamén hai que recoñecelo.

—A Terceira da Costa vén tendo moito nivel nos últimos anos.

—Si, a verdade é que si. Polo que vin ata agora, para min o Oza é un equipo dunha liga superior. Do que levamos xogado nestas seis xornadas, diría que é un equipo de Segunda. Quédalle pequena esta categoría, sinceramente. Pero bueno, aínda vai pouca liga, hai que seguir vendo como evoluciona.

—Comentábanme que hai entre 250 e 300 socios. Iso é unha marabilla.

—Si, e iso é mérito de Juan. Cada un ten o seu mérito, e Juan é unha persoa

que fai unha burrada de socios. Se hai 280 ou 290, practicamente todos son por el. Sen esaxerar, de verdade. É unha persoa que fai moita falta, sobre todo nun equipo modesto como o Baiñas. Xente coma el nótase moitísimo.

—Unha mensaxe para toda a afección, agora que o equipo volve con forza.

—Pois nada, que o equipo está aquí e que queremos durar moitos anos, para que a xente poida xogar e para que o pobo teña fútbol. Que a xente siga vindo ao campo, que disfrute dun domingo diferente, que se xunte, que fale, que tome unha caña... e que sigan apoiando como fixeron ata agora, porque a verdade é que a afección co equipo pórtase de marabilla.

Haberá vitorias e derrotas, pero o importante é ter paciencia e seguir adiante. Somos un equipo feito para competir, para estar en Terceira e disfrutar do fútbol.

—Vimiánzo é unha zona moi futbolera, non?

—Si, si, moitísimo. A Costa xa é futbolera de por si, pero Vimiánzo é unha tolemia. Hai moita afección ao fútbol. O Soneira, coas escolas base, dálle moita vida ao deporte. Nós, ao final, somos un equipo de parroquia. Temos algún descarte doutros equipos, rapaces que saen de xuvenís e veñen probar. É un grupo con xente nova e tamén algún veterano. O máis veterano é Rodri, que ten 42; despois Steven, eu mesmo, Kevin que é o outro capitán... Está tamén Gustavo entre os veteranos, que ten 36, aínda que por traballo pode vir pouco. Pero cando fai falta, está. Mesmo chegou a xogar de porteiro o ano pasado, porque non tiñamos nese partido. Iso demostra o compromiso que hai nesta xente, e esa é a clave: sen xente así, non habería equipo.

—Esteban, moitas grazas e moita sorte neste novo proxecto.

—Grazas a vós. Un saudiño.



**MECÁNICA EN GENERAL** 

**PRE-ITV** 

**NEUMÁTICOS** 

**ELECTRICIDAD** 

**DIAGNOSIS MULTIMARCA** 

**AIRE ACONDICIONADO** 

**981 748 118**  
**680 852 371**

**www.otallerdesanti.com**  
**otallerdesanti@gmail.com**



**DESBRUCES Y LIMPIEZAS DE MONTES**  
**PLANTACIONES FORESTALES**

**Ángel de Vimiánzo**  **618 90 56 39**



**Ana María Antelo Quintáns**

 **Baiñas nº 55**  
**15127 VIMIÁNZO**  
**(A Coruña)**

 **666 224 248**  
 **anatarasariz@gmail.com**

**Manuel Castiñeira**

**AUTONIVELANTES DEL NORTE**

**REFORMAS - INSTALACIONES**

**MULTISERVICIOS**  **670 75 45 76**



**ARTEFOGO**

**PIROTECNICA COSTA DA MORTE**

ALVARO MUIÑO (BAIÑAS - VIMIÁNZO) - 649 66 56 35  
FABRICA (VILAÑO Nº5 - A LARACHA) - 677 40 75 15 / 677 40 75 16



981 717 112  
689 780 687  
672 693 713

Lugar de Cerbán 19  
15129 Vimianzo  
ventas@ngformigon.com



SERVICIO TÉCNICO  
**MANFER**  
Frio Doméstico e industrial.  
Estufas de Pellets • Calentadores, Cocinas.  
Lavadoras, etc. • Deshumificadores.  
REPARACIÓN DE ELECTRODOMESTICOS

Manuel Caamaño

Telf.: 981 74 59 73 • Móvil: 610 641 253  
manfersat1@gmail.com



- Desbroces (Líneas eléctricas y férreas)
- Plantaciones y podas
- Mantenimientos de fincas
- Compra de madera
- Consorcio de montes

T. 696 07 94 45

Mira - Coristanco (A Coruña)  
spensado76@gmail.com



Telf.: 618 569 909  
981 741 078  
BAIÑAS - VIMIANZO

# Calzados PACO

*“El Centro Comercial del Calzado”  
“Lo Mejor de Nuestra Casa los Clientes”*

Teléfono 981 71 80 36 - BAYO



## MADERAS Y DESBROCES MUIÑO RAMOS, S.L.

Telf. 981 74 12 50  
Móviles: 646 41 17 36 (Victor)  
629 74 80 44 (Miguel)  
BAIÑAS - VIMIANZO

Campamento turístico  
**SANTA MARIA DE BRANDOÑAS**

A Gris, s/n - Brandoñas  
Zas (A Coruña)  
N43° 00' 12" W8° 57' 48"

981 191 283  
660 476 831

campamentoturisticobrandonas@gmail.com

www.mundiviajes.es



Miguel Ángel Blanco Rey  
info@mundiviajes.es

654 058 068  
881 975 641



## FORESTAL TAIBO

COMPRA-VENTA DE MADEIRA

Moar, 3  
15686 FRADES (A Coruña)

Tlf.: 629 574 565  
e-mail: forestaltaibo@gmail.com



AXENTE E ASESOR  
DE ESPECTÁCULOS  
618 100 288

FACEMOS QUE AS TÚAS FESTAS SEXAN MELLORES

- PANORAMA
- PARIS DE NOIA
- COMBO DOMINICANO
- NEW YORK
- GRAN PARADA
- LOS SATÉLITES
- FÓRMULA



ASESORIA

Luis Fernando

Fiscal · Laboral · Contable · Seguros

981 71 65 01 - 981 72 00  
Fax. 981 71 72 01 - Móvil: 669 80 47  
E-mail: as.luisf@fonocom.es

C/. Blanco Rajoy, 34 - Bajo - 15129 - VIMIANZO



FERRETERÍA Y PINTURAS  
**LORENZO, S.L.U.**

981 418 975 / 660 544 908





GRUPO  
**BENEDICTO**

CAMPO | PAISAJISMO | MASCOTAS



## CÉSPED ARTIFICIAL ORNAMENTAL y DEPORTIVO



### Jardín Vertical

Especialistas en  
instalaciones  
GreenWall y  
Landscapers.



### Jardinería

Vivero, Diseño y  
Ejecución de jardines  
para empresas o  
particulares.

GRUPO  
**BENEDICTO**  
CAMPO | PAISAJISMO | MASCOTAS

# Contacto

¿QUÉ HACEMOS?

Césped Artificial Ornamental

Césped Artificial en Pistas Deportivas

Cierre Perimetral

Jardines Verticales

Jardinería



981 719 053 @

[www.grupobenedicto.com](http://www.grupobenedicto.com)

[info@grupobenedicto.com](mailto:info@grupobenedicto.com)



# La sonrisa que siempre soñaste

En Clínica Pose, combinamos la experiencia de un equipo médico de reconocido prestigio con la energía y especialización de nuevas generaciones de odontólogos. Somos expertos en ofrecer soluciones personalizadas para cualquier necesidad funcional, médica o estética de la boca, utilizando tecnología de última generación y los protocolos más avanzados.



Implantes Dentales



Carillas First Fit



Blanqueamiento Dental



Ortodoncia


Santiago de Compostela  
Santa Comba

[www.clinicapose.es](http://www.clinicapose.es)



**COMIDA CASERA**

**NUESTRO OBJETIVO EL PALADAR GALLEGO**

 **612 524 665**

 **cocinadeabastos**

 **Praza de Abastos, Nave 1, Pto. 59 a 62 - 15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)**



Comida casera para llevar; pescados, carnes, pastas... Tortillas, ensaladas, albóndigas, lasañas, pimientos rellenos, salpicón, paella, jamón asado, empanadas... Postres y bebidas. Churrasco y pollos asados por encarga. Servicio de recogida en local o entrega a domicilio.



# SENRASPORT

VEHICULOS COMO NUEVOS, SALVO EN EL PRECIO!

En Olveira, Dumbría, A Coruña

Vehiculos nuevos, seminuevos y de  
segundamano al mejor precio en

[senrasport.com](http://senrasport.com)



# XALLAS FC: A FORZA TRANQUILA DO LÍDER

Un club que aprendeu a erguerse, a reconstruírse desde abaixo e a volver mirar cara arriba sen perder a súa identidade.

**E**n Santa Comba, o fútbol volve latexar co pulso das grandes tardes. O Xallas FC, histórico onde os haxa, lidera a Liga da Costa cunha autoridade serena, froito do traballo e da fe nun proxecto que non naceu para o ruído, senón para a constancia. Cinco vitorias, unha soa derrota e a sensación de que este equipo, unha vez máis, será o rival a bater cada domingo.

## UN RENACER CON RAÍCES

O Xallas non se deixou vencer polo tempo nin polas circunstancias. Hai apenas tres tempadas decidiu dar un paso atrás para coller pulo. Baixou a Terceira Galicia por vontade propia, con humildade, armado de convicción, e ascendeu á Primeira, mesmo sen telo nos plans. En Segunda Futgal rozou a excelencia, e neste terceiro curso, de novo en Segunda, volve brillar coma nos seus mellores días.

Non hai urxencias nin promesas baleiras. O ascenso non é unha obsesión, pero ninguén en Santa Comba agocha que o equipo está preparado para regresar a cotas altas. Porque o Xallas reconstruíuse con cabeza, sen hipotecar

o seu futuro e conservando unha esencia que se mide máis en valores ca en cartos.

## O EXEMPLO DO ETERNO DORO

No corazón do club latexa o nome de Sergio Prego Cancela, “Doro”. Presidente, xogador, lenda. Aos seus 47 anos, segue sendo titular habitual e exemplo para todos os que visten de verde. A súa figura resume o que é o Xallas: paixón, compromiso e unha forma de entender o fútbol que non se compra nin se aprende, vívese.

O seu irmán, Bruno Doriño, dirixe o equipo desde o banco cunha autoridade tranquila, coñecemento profundo do fútbol comarcal e unha fe inquebrantable nos seus. Entre ambos teceron unha idea onde a experiencia e a xuventude se abrazan cada domingo.

## UN GRUPO QUE IMPÓN RESPECTO

O cadro actual é unha mestura perfecta entre equilibrio e fame. Na portería,



Iván Couto consolídase como seguro baixo paus, mentres que Iker Arán asoma con proxección. En defensa, homes como Peke, Elvis ou Yago Falc sosteñen unha zaga firme, difícil de romper. O centro do campo é pura enerxía: Bryan García deslumbra con seis goles en seis partidos, Dani Barbeira impón o seu ritmo, e o eterno Doro segue aportando fútbol, calidade e carácter. Adrián Couto e Martín Cambón completan unha liña que combina talento e sacrificio. En ataque, Rubén Blanco, Rubén Sande ou Sergio Barbeira achegan pegada e compromiso. Ninguén se garda nada: neste equipo, cada xogada pélexase coma se fose a última.

#### A ALMA DE SANTA COMBA

O Xallas FC non é só un equipo que gaña. É unha historia de pertenza, de xente que madruga para pintar liñas, que anima desde a valadoira ou que aprendeu a amar o fútbol na Fontenla ou nos campos de terra de antes. Cando o árbitro asubía o final, o marcador importa, pero non tanto coma a sensación de seguir construíndo algo propio. E aí está a verdadeira vitoria do Xallas: ter devolto a ilusión á súa xente sen traizoar a súa esencia. Porque este club non vive dos titulares: escríbeos, domingo a domingo, co suor dos seus.



XALLAS FC

EXCAVACIONES Y TRANSPORTES

**JM** Mariño, s.l.

*Daniel Mariño*

C/ Lugo, nº 22 - 1º B.  
15840 SANTA COMBA  
A Coruña

Tlf. Oficina: 981 881 470  
Móviles 609 689 184  
excavacionesjm@yahoo.es

EMPRESARIOS *asf* SANTA COMBA

• TRANSPORTES Y SERVICIOS •

**S. Antelo** s.l.

T. 616 71 11 99  
T. 677 42 26 09



As Travesas  
Santa Comba



 Lugar As Travesas N° 45 , 15840, Santa Comba

**Representación de orquestas, grupos, artistas y discotecas móviles. Ampla experiencia profesional en el sector. Contrataciones musicales de todos los estilos y para todo tipo de eventos.**

*Mimer*  
ESPECTÁCULOS

☎ 695 17 37 37

📌 Espectáculos Mimer

✉ [espectaculosmimer@hotmail.com](mailto:espectaculosmimer@hotmail.com)

*Clave de Fa*



# DORO: "O XALLAS FC É A MIÑA VIDA E NON ENTENDERÍA UN DOMINGO SEN FÚTBOL"

O presidente e xogador do Xallas FC repasa o crecemento imparabile do club de Santa Comba, que celebra o seu 60º aniversario como líder da Liga da Costa.

**S**ergio Prego Cancela, coñecido por todos como Doro, é moito máis ca un nome propio no Xallas FC. É o alma dun club que respira fútbol polos catro costados, un símbolo de entrega e constancia que combina o posto de presidente co de xogador e adestrador de base. Con el falamos dun proxecto que non deixa de medrar, da paixón que o move e do significado especial que ten este 60º aniversario para toda a familia xalleira.

—**Doro, xogador, presidente... ¿como se leva un día a día tan atarefado, ademais do traballo persoal?**

A verdade é que no club temos moitísimo traballo. Agora mesmo o Xallas conta con quince equipos federados e a idea é seguir ampliando máis nos próximos anos se seguimos na directiva. Eu paso os fins de semana no campo, levando tamén aos nenos, porque teño dous fillos que xogan no club. Ademais son adestrador de base, así que entre unhas cousas e outras, o tempo libre é todo para o fútbol.

—**Pero tamén é unha paixón, unha forma de vida.**

Si, é saúde mental e física. Se non fora así, xa o teriamos deixado hai moitos anos. O fútbol é a miña paixón desde pequeno e non entendería a vida sen el. Se me faltan os adestramentos, o partido do domingo ou acompañar aos meus fillos, sinto que me falta algo.

—**O primeiro equipo leva uns anos espectaculares. En pouco tempo pasachedes de Tercera Futgal a loitar polo ascenso a Primeira.**

Si, estamos moi ledos. Ademais este ano é o 60 aniversario do club e queriamos facer algo bonito. Se se pode dar o paso de ascender sería marabilloso e completar un ciclo histórico. A ver se o conseguimos, porque sería un premio enorme ao traballo de todos.

—**Un proxecto feito con xente da casa, fiel á idea inicial.**

Así é. Cando comezamos, había moitos problemas económicos e as directivas anteriores sufriran moito para cadrar contas. Decidimos apostar pola base e confiar nela. O primeiro equipo está feito con xogadores da casa,

rapaces que saíron do noso fútbol base. Non todos poden chegar, pero os que teñen ambición, traballo e sacrificio son os que marcan o camiño deste Xallas.

—**¿O club está preparado para afrontar unha Primeira Galicia?**

Creo que si. Temos un equipo moi novo. Quitándome a min e a algún outro veterán, o resto son rapaces de vinte, vinteun ou vinte e dous anos, e son eles quen van marcar o futuro do club. Se o toman en serio, o difícil é dar o paso; despois é cuestión de adaptarse á categoría e seguir traballando. No Xallas hai xente moi comprometida tanto no deportivo como no económico.

—**Falemos do fútbol base. O Xallas non para de medrar.**

Si, e estamos moi orgullosos diso. Non é doado atopar adestradores, pero confiamos nos nosos. Hai catro ou cinco xogadores do primeiro equipo que botan unha man na base. Fano por ilusión, non por diñeiro, porque lles quita moito tempo. Pero é bonito: os nenos miran para eles como ídolos. Mentres esta directiva siga, seguiremos confiando neles, porque o traballo e os resultados están chegando.

—**E o fútbol feminino converteuse nunha das grandes historias do club.**

Si, seguramente o que máis medrou. Empezaron de cero con Ruper e Eloy á fronte e en tres anos subiron dúas categorías, gañaron unha Copa da Costa e agora están competindo por toda Galicia. Ten moitísimo mérito o que fixeron. Son xente traballadora que non dá problemas: organízanse, tan só piden o mellor material e nos horarios, e nós tentamos darlles o mellor. Hai que agradecerlles moito todo o que fan. E acordarnos tamén de Marzoa e de Toñín, dúas persoas fundamentais e que o dan todo polo club e polas rapazas.



Tlf. 649 83 43 21 [sergiosuarezmecanizados@gmail.com](mailto:sergiosuarezmecanizados@gmail.com)  
Rúa Antonio Amigo, nº 7 - 15840 Santa Comba (A Coruña)

revecar  
FACHADAS<sup>S.L.</sup>

636 645 601

**TAXI MARTIN**  
24 horas  
680.914.942  
[info@martintaxi.com](mailto:info@martintaxi.com)  
@taxi.martin.santacomba



Lg. Grixoa de Esternande - 15840 Santa Comba (A CORUÑA)  
Móvil (Joni): 678 141 657 - Móvil (Santiago): 680 490 538

Rehabilitación de fachadas  
Rehabilitación del hormigón  
Fachadas y patios interiores  
Cubiertas, terrazas, etc.  
Aislamiento térmico de fachadas  
Reformas, pinturas y tejados

[rexnorsl@gmail.com](mailto:rexnorsl@gmail.com)  
[rexnorsicomercial@gmail.com](mailto:rexnorsicomercial@gmail.com)





—E tamén contan con xogadoras de fóra.

Si, é lóxico. Cada vez que sobes unha categoría tes que consolidar o proxecto. A xente da casa é a base, pero tamén se necesita reforzar. Hai xogadoras de fóra que están axudando moito. Confiamos no criterio dos adestradores e seguimos adiante con ese equilibrio.

—¿Como ves a actual Liga da Costa? Parece máis igualada ca nunca.

Totalmente. Vai ser a tónica de todo o ano. Hai equipos que non comezaron ben e deberían estar arriba, como o Portefío ou o Soneira. E sempre aparece algún que dá a sorpresa. Nós imos tentar facer o mesmo papel do ano pasado, ou melloralo. Iso sería o froito do traballo destes anos, no que tamén teñen moita culpa o meu irmán Bruno e Churián, que forman o cadro cada tempada e conseguen un bloque sólido, novo e ambicioso.

—Este é o ano do 60 aniversario. ¿Tedes actos previstos?

Si, queremos facer unha gala antes de Nadal, se as datas o permiten. A idea é premiar os rapaces da base, facer algo especial e traer a alguén importante do mundo do fútbol galego. Tamén estamos mirando de organizar un partido conmemorativo. O 60 aniversario merece unha celebración á altura do que é o Xallas.

—Unha mensaxe para a afección.

Só podemos agradecerlles o apoio. Tentamos traballar o máximo para que todo saia ben, sabendo que é difícil contentar a todos. Temos máis de 250 fichas, moitas familias, e sempre hai opinións diferentes. Pero somos un club sen ánimo de lucro, que traballa para que os rapaces estean contentos e medren. Os pais ás veces dan máis traballo (risos), pero o importante é que os nenos disfruten e aprendan.

—No persoal, ¿cal foi o teu momento máis especial como xogador?

Uf, teño moitos. Levo moitos anos xogando e disfrutei de todos os equipos nos que estiven. Agora fago doutro xeito, no meu pobo e coa miña xente. En todos os equipos do pobo conseguín algo, e neste Xallas actual fago todo con ilusión: xogador, presidente e o que faga falta. O importante é que a xente se implique, porque somos sete ou oito que traballamos moitísimo, e sen máis mans isto tamén é moi duro. Hai que involucrar aos pais e aos que aman o fútbol para que axuden.

— E para rematar, ¿queda algún soño por cumprir?

Sempre hai soños. De pequeno soñaba con chegar o máis lonxe posible no fútbol, e tiven oportunidades que non souben aproveitar, pero quedo co vivido, co aprendido e coas derrotas, que tamén ensinan. Estou contento coa miña carreira e, sobre todo, con poder seguir xogando e disfrutando coa xente do Xallas. Sinto que sigo sendo un privilexiado.



**RECAMBIOS DE AUTOMÓVIL, MAQUINARIA AGRÍCOLA, INDUSTRIAL...**



**Contacto:**  
Teléfono: 981 880 259 - 636 578 329  
Correo: contacto@recambiosfiber.com  
Web: www.recambiosfiber.com

**Dirección:**  
Calle Lugo 15,  
15840, Santa Comba  
A Coruña




**Pulidos Galicia, s.l.**  
SUELOS INDUSTRIALES - HORMIGÓN IMPRESO

*Eliseo Vázquez*  
DIRECTOR: 609 81 76 72

*José Manuel Abelenda*  
VENTAS: 646 97 71 62

Tel.: 981 71 60 57  
Fax: 981 71 62 53  
info@pulidosgalicia.com  
VIMIANZO - (A Coruña)



## BRUNO DORIÑO: “O OBXECTIVO É SEGUIR SOÑANDO, PERO PASO A PASO E COS PÉS NO CHAN”

O técnico do Xallas FC analiza o gran momento do equipo, líder e en dinámica positiva, cun grupo de canteira, novo e moi comprometido.

**O**Xallas FC comezou a tempada con forza, liderando a táboa e continuando co espírito de unión que sempre caracterizou ao club. O seu adestrador, Bruno Doriño, fala con calma e realismo sobre o bo momento do equipo, o peso da canteira, a importancia da afección e o futuro inmediato dun proxecto que medra sen deixar de ser fiel ás súas raíces.

**“Non falamos de ser campións, pero todos sentimos a ilusión de poder soñar”**

**—Bruno, comezamos forte: primeiros na clasificación e coa afección totalmente ilusionada. Que balance fas deste inicio?**

—A verdade é que aínda é cedo e levamos poucas xornadas, pero si que lle

damos moita importancia a empezar ben. Quedamos co sabor agridoce desa única derrota, que chegou nunha fin de semana con moitas festas arredor e houbo que pagalo. Pero estamos moi ledos.

**—O obxectivo da tempada é o ascenso ou aínda é pronto para falar diso?**

—Non deberíamos falar diso, pero é certo que a xente está moi ilusionada: equipo, directiva e tamén nós. No vestiario nótase ese ambiente. Para nós é un obxectivo bonito, pero non falamos de ser campións nin moito menos. A meta é o día a día, seguir traballando e aproveitar esta dinámica mentres dure. O ano pasado tamén comezamos moi ben e logo chegou unha racha longa de empates e derrotas. Aprendemos diso.



# SERIGA

Sebastián Rial García

LIMPIEZAS Y  
REPARACIONES  
DE TEJADOS

698 183 278 • SANTA COMBA



**“A plantilla é máis curta, pero gañamos en poder ofensivo”**

**—Como está composto o plantel este ano?**

—Temos 20 xogadores, unha plantilla máis curta ca do ano pasado. Hai catro lesionados, tres deles de longa duración, e moitas veces temos que completar convocatorias con xuvenís. O ano pasado, en cambio, tiñamos que deixar xente fóra. A nivel técnico e táctico estamos nun nivel parecido, pero gañamos poder ofensivo. Recuperamos xogadores da casa que marcharan, como Bryan, que agora mesmo é o máximo goleador da categoría. Dános un plus importante arriba.

**“Esta liga vai estar máis igualada que a do ano pasado”**

**—Como ves a liga este ano?**

—Moi igualada e chea de sorpresas. Hai equipos como o Soneira ou o Porteiro, que esperabamos arriba, e están tardando en arrincar. Outros, como o Outes, reforzáronse moi ben. O ano pasado víanse catro ou cinco equipos que sabías que ían estar arriba; este ano non hai un claro favorito. Creo que non haberá un campión con 20 puntos de vantaxe, vai ser unha liga moi apertada. E se alguén se escapa, oxalá sexamos nós.

**“Doro é o capitán, a nosa referencia e un exemplo para os máis novos”**

**—Falemos de Doro, que segue xogando a un gran nivel...**

—Si, é o capitán e unha peza clave. Mágoa que se estea lesionando bastante, o ano pasado só puido xogar 12 partidos e foi igualmente o máximo goleador. Este ano empezou forte e xa tivo un contratempo, así que temos que coidalo. Dános moito pola súa veteranía e polo respecto que lle teñen os rapaces. É un xogador de clase, con calidade e coñecemento. Podería estar noutro nivel, pero está aquí, axudando ao equipo do seu pobo e ensinando ás novas xeracións.

**“O 90% do equipo formouse nas categorías inferiores”**

**—Algo que chama a atención é a mocidade e o sentimento de pertenza.**

—Si, temos un grupo moi novo e da casa. O 90% dos xogadores formáronse nas categorías inferiores do Xallas. Para min iso é algo moi especial. Son rapaces que se coñecen dende cadetes ou xuvenís e que traballan con moita ilusión. No vestiario hai moi bo ambiente e tamén seriedade cando toca. Creo que, se seguen así, o Xallas pode ter un equipo consolidado en Primeira Rexional sen pasar apuros durante moitos anos.

**“Non penso en ofertas, só en seguir axudando ao equipo”**

**—Con estes resultados, non tes medo de que veñan buscarte doutros clubs?**

—(Risos) Xa mo dixeron varias veces. Pero non penso niso, sinceramente. Estou centrado no traballo, en facer o mellor por este equipo, no que tamén está o meu irmán, e en axudar ao club en todo o que poida. Para o bo e para o malo. O fútbol ten momentos bos e malos, e eu estarei sempre a disposición do Xallas.

**“A base e a afección están facendo algo increíble no Municipal de Fontenla”**

**—A afección tamén está a vivir un momento especial.**

—Si, sobre todo a nivel de base. Nos partidos da casa é increíble ver como veñen os cadetes, os infantís... todos animan, montan un ambiente tremendo co bombo, cando o seu adestrador —que moitas veces é tamén xogador do primeiro equipo— colle o balón, etc, etc, etc. É un movemento que non para de medrar e iso nótase cada día no Municipal de Fontenla. Oxalá siga así moitos anos.

**—Bruno, se nos deixamos algo, tes a palabra para finiquitar a entrevista.**

—Simplemente agradecer a Jorge Quintáns “Churian” todo o seu traballo ao meu lado como técnico. Todas as decisións que tomamos son en consenso e penso que formamos un gran tandem.



**SANTA COMBA**  
PREFABRICADOS

Braña Rica, s/n - 15840 SANTA COMBA (A Coruña)

info@santacombaprefabricados.com

Tel: 981 880 351

# RECAREY

MAT.CONSTRUCCIÓN



*Todo lo que  
necesitas para  
tu reforma.*

*Pídenos presupuesto sin compromiso.*

## PADREIRO

PADREIRO 1 15840  
SANTA COMBA  
TFNO : 981 893 293

## ARTEIXO

C/BRASIL 1 15140  
MEICENDE  
TFNO : 981 173 705



## CONSTRUCCIONES M. PENA, S.L.

**Tel.: 981 85 24 42 • José Antonio: 637 77 87 83**

Avda. Francisco Suárez Salgado, 14  
15256 LA PICOTA - Mazaricos

penamartinezmanuel1@live.com | [www.construccionespenasl.com](http://www.construccionespenasl.com)



Somos una empresa con amplia trayectoria en el sector de la construcción que ha ido evolucionando y adaptándose a los constantes cambios de un mercado cada vez más exigente y competitivo



## Productos

- Materiales de construcción
- Muebles de baño
- Sanitarios
- Grifería
- Mamparas
- Azulejos y pavimentos
- Cocinas y estufas

A Tablilla - Cerceda  
Calle Principal, 36 - Rodis  
981 69 70 82  
A Coruña  
[begol@begol.es](mailto:begol@begol.es)

Almeiras - Culleredo  
Av. Almeiras, 19 - Culleredo  
981 63 95 42  
A Coruña  
[comercialc@begol.es](mailto:comercialc@begol.es)



## CHEMA SOUTO: “O DÍA QUE GAÑAMOS A COPA DA COSTA NON VIN NUNCA TANTA XENTE EN SANTA COMBA”

O expresidente e exxogador histórico do Xallas FC repasa a súa traxectoria, dende os comezos como futbolista xuvenil ata a presidencia dun club que sempre sentiu como propio. Chema lembra os anos de sacrificio, a unión do pobo arredor do equipo e a paixón que segue viva polo fútbol en Santa Comba.

**R**eferente do fútbol comarcal e home de club, Chema Souto simboliza o espírito do Xallas CF: compromiso, entrega e identidade. Dende os primeiros partidos nos xuvenís ata levantar a histórica Copa da Costa como xogador, pasando polos anos de loita na presidencia, Souto fala sen nostalxia, pero con orgullo, dun tempo no que o fútbol era sacrificio, unión e paixón por Santa Comba.

—Chema, eres futbolero dos de verdade. Antes comezabades no colexio e xa xogabades no equipo do propio colexio, non?

Así era. Logo, cando rematei o colexio había profesores que xa xogaban ao fútbol sala e tamén practicaban atletismo. A min sempre me gustaron moito os deportes. Entón, cando acabei os estudos, viñeron buscarme para xogar cos xuvenís do Xallas e foi cando ficei polo Xallas.

—Comezaches, entón, nos xuvenís do Xallas.

Si, xoguei tres anos e chegamos a gañar unha liga xuvenil no 86-87, se non lembro mal. Como sobresalíamos un pouquiño, tres ou catro de nós subimos ao primeiro equipo, que daquela estaba en Preferente, xogando contra equipos como o Xove Lago ou Lemos... Sempre seguín no Xallas, nunca marchei, aínda que houbo compañeiros que si, porque noutros equipos lles pagaban algo e lles facía falta. Eu quedei toda a vida no Xallas, agás un ano que fun ao Castriz, no 99-2000, e gañamos a Liga da Costa. Logo volví porque o Xallas descendera a Terceira Rexional... e ese ano gañamos a Terceira e tamén a Copa da Costa sendo un equipo de Terceira.

—Iso foi histórico.

Histórico de verdade. Éramos só trece ou catorce xogadores, con catro cambios como moito. E aínda así gañamos Copa e Liga.



**cervecería d'Mara cafetería**  
Cerveza de Bodega  
Avda. Mourelle 1, baixo  
15840 Santa Comba  
T.: 981 88 01 25  
M.: 690 07 88 17

C/ Lugo, 21-15840 SANTA COMBA  
A Coruña  
Tel. 981 880 262  
**Josefa** peluquería

ESTACIÓN DE SERVICIO  
**CABREIRA, S.L.**  
GASOIL A DOMICILIO  
RUEDAS - EQUILIBRADO  
LAVADO - ASPIRADO  
ACCESORIOS Y ACEITES  
A Cabreira - Arantón  
Santa Comba (A Coruña) Telf./Fax: 981 882 288  
E-mail: e.s.cabreira@hotmail.com

**TALLERES ALBERTO**  
Mecánica - Chapa y pintura  
BUXÁN, S/N  
15151 - DUMBRÍA (A Coruña)  
albertoozon@hotmail.com  
Telf. 665 368 997  
981 744 103



—Sempre estiveches vinculado ao Xallas, tamén na directiva.

Si, porque xa sabes como é isto: cando levas moito tempo, sempre che toca botar unha man. Fun tesoureiro, vicepresidente e, un ano, presidente. Estar nunha directiva é moi difícil, máis nun pobo pequeno. Non é doado conseguir cartos, e máis daquela, que o Santa Comba estaba en Preferente e logo en Terceira, e a política sempre tiraba cara a quen estaba máis arriba. A nós axudábanos pouco, tiñamos que traballar moito, ir polos bares, facer socios... Tiñamos a costume de ir cada día de adestramento a un bar diferente. Iso creaba moita unión co pobo.

—E a afección sempre respondeu.

Sempre. O Xallas é un club histórico e a xente de Santa Comba sempre o apoiou. Mesmo na época do Santa Comba en Terceira, o Xallas tiña tanta ou máis xente no campo, porque o Santa Comba fixérase a base de talonario, con xogadores de fóra, mentres que o Xallas era xente da casa, de aquí do pobo. Iso nótase: a afección sente o equipo como propio.

—Ata cando estiveches na directiva?

Ata arredor de 2010. Eu tiña un bar, que era a sede do equipo, e despois de 16 anos xa era moito traballo. Entón colleuno Pedro, outro home moi ligado ao club. Fixemos dous ascensos seguidos e volvemos a Preferente.

—Cal é o mellor recordo de toda aquela época?

Sen dúbida, o día da Copa da Costa. Nunca vin tanta xente en Santa Comba. A xente botouse á rúa, foi algo impresionante. Foi especial porque éramos todos rapaces de aquí. Despois, o Santa Comba tamén gañou Copas da Costa, pero para o pobo ningunha foi como aquela do Xallas.

—Segues hoxe a actualidade do club?

Si, sigo sendo do Xallas. Agora xogo nos veteranos do Castriz, porque o Xallas non ten equipo de veteranos, pero sigo as categorías do club. E paréceme marabilloso o que están facendo: teñen as categorías moi ben estruturadas e o 95% dos xogadores do primeiro equipo son de Santa Comba. Iso gústame moitísimo.

—E segue Doro, o eterno Doro.

Si, Doro segue sendo o alma máter. Ten os seus anos, pero continúa con esa paixón, e cando salta ao campo sempre pasa algo. Admiro moito a súa entrega.

—Como ves hoxe o fútbol da Costa e o de Santa Comba?

Hai moitísima paixón. As cousas están moi ben levadas, as categorías inferiores funcionan e o fútbol feminino está medrando moito. Dá gusto ver aos nenos que empezan de pequenos e van subindo ata o primeiro equipo. É bonito.

—Que cambiou no fútbol de antes ao de agora?

Primeiro, os campos: hoxe é unha marabilla. Antes xogabamos en campos de area, e cando caías... xa sabes. Agora hai boa preparación, adestradores formados, pais implicados. O único que boto en falta é que non saian máis xogadores cara equipos grandes. Coa preparación e medios que teñen, podería haber máis rapaces chegando a clubs como o Deportivo ou mesmo o Bergantiños.

—E a afección, que papel ten?

É fundamental. O Xallas ten o sistema moi ben montado, con cantina, pais nas categorías inferiores e un ambiente espectacular. Antes había tres equipos en Santa Comba, pero coa unificación todo se concentrou no Xallas e iso fortaleceu moito o proxecto.

—Que falta para ter unha engrenaxe perfecta?

Moi pouco. Agora están facendo as cousas moi ben, mesmo co apoio do Concello. Só boto en falta que destaque algún rapaz e poida chegar máis arriba. Pero polo demais, están nun momento fantástico.

—Que mensaxe lle darías aos rapaces que comezan?

Que sigan adestrando, que aproveiten as instalacións que teñen e que prefiran estar no campo antes que noutros vicios. O deporte é saúde, física e mental. Hai tempo para todo, pero o fútbol dá disciplina, amizade e benestar. Iso é o importante.

—E como van eses veteranos do Castriz?

(Risos) Moi ben. Levo cinco anos alí. Teño 55, pero sigo gozando. O ano pasado fun máximo goleador do equipo e subimos a División de Honra. A nova liga xa é outra historia, hai moito nivel, pero o importante é pasalo ben. En veteranos é máis que fútbol: son as amizades, o ambiente, seguir facendo grupo. Iso é o que queda.



**Manuel Rodríguez Suárez**  
Ingeniero Técnico Agrícola  
Nº Colexiado: 842

Rúa Tras do Muiño C - Nº 1 - 1º B  
Vimianzo - A Coruña

Tlf. 981 71 72 32 - Móvil. 629 87 94 33  
manuelrodriguezsuarez@gmail.com



**LA PITUSA**  
GASOSA

0 CERO CALORÍAS

**¡PATAS ARRIBA!**



**KAAMA**  
PODOLOXÍA VACUNA

**Roberto Caamaño Otero**

**619 653 550**  
**666 330 603**

*Calzados*  
**Alfonsos**

Cerca de 100 años ofreciendo a sus clientes, con total confianza, calidad y comodidad.

Alfonso Molina nº 49  
Santa Comba (La Coruña)

**981 94 22 35**



**AUTOMOCIÓN**  
**M. GOMEZ LEMA**

Autoreparación en general • Importación de vehículos  
Instalador autorizado para la transformación de vehículos a GLP

Telf. taller: **981 538 668**      Pereira de Villamayor  
Telf. 24 h: **606 089 172**      SANTA COMBA



# Sueñas con tener una librería?

Si compartes nuestra pasión por los libros, la cultura y la atención cercana al cliente, comienza tu proyecto con nosotros: te aseguramos que no encontrarás una oferta mejor. **Contáctanos!**

**981 88 13 33      653 37 43 45**

O visítanos en:  
Rúa Rosalía de Castro 32 (Santa Comba)  
Avenida Fernando Blanco 7 (Cee)



# Vifer

CHIMENEAS

Lug. Castrobo, Nº 34 Bajo  
15181 Ancéis - Cambre (A Coruña)  
Tlf. 981 674 007 - Móvil 661 436 493  
E-mail: chimeneasvifer@hotmail.com



- ACRISTALAMIENTO DE OBRAS
- INSTALACIONES COMERCIAIS
- MAMPARAS DE DUCHA
- FABRICACIÓN A MEDIDA
- VIDROS LACADOS



Telf. 981 881 357 M.: 626 858 682 - 639 453 279 info@cristaleriavilas.com C/. Miradores, 12  
15840 Santa Comba - A Coruña



**626 799 624**  
**981 882 219**

Busto, s/n  
15860 Santa Comba

# extincAR clima



**extincAR clima**  
Mejorando el bienestar  
y calidad de vida

**EXTINCAR CLIMA**

SISTEMAS DE CLIMATIZACIÓN, RENOVACIÓN DE AIRE Y CONTRAINCENDIOS

☎ 663 870 828      ✉ info@extincARclima.com      Av. de Santiago, 42, 15840 Santa Comba, A Coruña





# ***AUTOXALLAS***



**SANTA COMBA**

AVDA SANTIAGO N° 40

TLFNO 981 881 308 – 696 290 239 – 690 957 122.

INFO@AUTOXALLAS.COM

VENTA DE VEHÍCULOS OCASIÓN Y KM 0.

COMPRAMOS TU VEHÍCULO (TASACIÓN SIN COMPROMISO).

GESTIÓN DE VENTA DE TU COCHE (PRECIO GARANTIZADO).

FINANCIACIÓN A SU MEDIDA.

MECÁNICA EN GENERAL.

OFERTA EN GANCHOS DE REMOLQUE (CÁLCULO DE HOMOLOGACIÓN GRATUITO).





FEMININO A



FEMININO B

# O XALLAS FC FEMININO CONQUISTA TÍTULOS E CORAZÓN

Un ascenso histórico, a Copa e o nacemento do segundo equipo confirmaron o mellor momento do club.

O fútbol feminino do Xallas FC vive unha etapa dourada. A pasada campaña resultou inesquecible para o club de Santa Comba, que alcanzou a gloria por partida dobre: o equipo logrou o ascenso á Primeira da Liga Galega e, ademais, proclamouse campión da Copa da Costa. Foi o premio ao esforzo e á entrega dun grupo de xogadoras exemplares, comprometidas e ambiciosas, que demostraron que o seu teito aínda está moi lonxe de alcanzarse.

Nesta tempada 2025/2026, o conxunto xalleiro está a estrearse na máxima categoría autonómica e, por agora, mantense con solvencia na metade da táboa, cun colchón de puntos que lle permite competir con tranquilidade e seguir medrando paso a paso. O equipo está a consolidarse na elite galega, con identidade propia e unha ilusión intacta.

O presente curso é tamén o do nacemento do Xallas B, que compite na Terceira División da Liga Galega. Un feito que reflicte o extraordinario momento que atravesamos, que conta xa con máis de corenta licenzas sénior femininas, unha cifra impensable hai só uns anos.

O crecemento non sería posible sen o traballo de adestradores comprometidos e próximos: Eloy García e Christian Marzoa á fronte do primeiro equipo, e Hugo Andrade e Noelia García dirixindo ao filial. Todos eles comparten unha mesma filosofía: formar, coidar e impulsar o fútbol feminino dende a base, con orgullo xalleiro e cunha aposta firme polo futuro.

O Xallas FC feminino é, hoxe, moito máis ca un equipo: é o reflexo dun soño colectivo que segue medrando cada fin de semana.

  
**AGRIMO flor**  
 \* Arreglos florales \* Plantas  
 \* Trabajos funerarios \* Complementos y regalos  
 Rúa Lugo, 20 15840 Santa Comba A Coruña  
 881 97 37 75

  
**Agra nova s.c.**  
 Carpintería y Estructuras Metálicas  
 Invernaderos  
 Cubiertas y fachadas en chapa sandwich  
 Naves  
 630 58 55 33 - 625 90 48 69  
 Avda. Brasil, s/n  
 15840 - Santa Comba - A Coruña

**FONTANERIA J. SUAREZ CALEFACCION**  
 Tel. 981 680 865 - 618 783 449 - 629 056 865  
 CASTRIZ - 15848 SANTA COMBA (A Coruña)  
 fontaneriaj.suarez@hotmail.com  
 TIENDA: C/ Lugo, nº 25 - 15840 SANTA COMBA (A Coruña)

  
**PINTURAS FRAN**  
 627 339 610  
 franmoledo85@gmail.com  
 15256 PINO DE VAL - MAZARICOS (A Coruña)  
 Rehabilitación de fachadas  
 Aislamientos térmicos • Corcho proyectado  
 Pintura interior • Alta decoración  
 www.pinturasyaislamientosfran.com  
 La mejor manera de aislar su casa



ALEVÍN A E ALEVÍN B



ALEVÍN A

# O CLUB VERDE PRESUME DUNHA CANTEIRA CHEA DE VIDA E FUTURO

Once equipos, adestradores da casa e unha filosofía de club que sementa fútbol e valores en cada xeración.

O Xallas FC é hoxe un exemplo de vitalidade e orgullo formativo en A Costa. A súa canteira, ampla e chea de talento, representa a mellor garantía de futuro para o club xalleiro. Nada menos que once equipos defenden cada fin de semana o escudo verde, con dobre representación en todas as categorías —agás na prebenxamín, a dos máis pequenos—, que conta cun único conxunto. A iso súmase o grupo de biberóns, que aínda sen competir oficialmente, vive cada adestramento cunha ilusión desbordante, soñando co día de vestir a camiseta do Xallas en partido oficial.

A estrutura base do club é motivo de admiración. O Xallas conta cun cadro de adestradores formados na casa, xente comprometida que sementa fútbol e valores a partes iguais. Varios deles compaxinan a dirección dos equipos de base coa súa participación como xogadores do primeiro equipo, o que reforza o vínculo e serve de inspiración para os máis novos. Mesmo o propio pre-

sidente se implica directamente nos adestramentos, unha mostra de paixón e compromiso que fala por si soa: en A Costa non hai referente máis claro. Entre os equipos da base, sobresaen especialmente as dúas xeracións de alevíns, nenos que son auténticos ciclóns e máquinas de sumar títulos. A de segundo ano xa foi campioa en categoría prebenxamín e benxamín, e aspira agora a completar unha histórica triloxía de entorchados. A de primeiro ano, tamén laureada en categorías inferiores, afronta unha tempada de aprendizaxe e crecemento, coa vista posta en loitar polo máximo o próximo curso. O bo momento do fútbol formativo reflíctese tamén nos Infantís e Cadetes, con ambos equipos 'A' instalados nas zonas altas das súas respectivas clasificacións ligueiras. O futuro, no Xallas FC, non se espera: estase a construír cada fin de semana, con esforzo, orgullo e unha identidade que medra co paso dos anos.



**TRABAJOS FORESTALES  
CASTRO**

624 66 51 85  
624 66 51 96

15840 Santa Comba  
(A Coruña) Galicia - España



**DÖNNER KEBAP**  
*El Rincón de Cheema*

881 295 391 622 148 346

RUA SUAREZ VENDE, Nº4 - 15840 SANTA COMBA, A CORUÑA

El Rincón de Cheema

**Emilio Facal**  
Gerente



680 609 179 / fax..981 880 565

www.facalconstruvi.es

gerencia@facalconstruvi.es

C/ María Pita s/n | 158400 Santa Comba | A Coruña



**Zapatería  
Espasandín**

REPARACIONES Y VENTAS  
COPIAS DE LLAVES

M.: 680 13 79 34

C/ Herradura, 3  
15840 Santa Comba  
A Coruña



## SENRA CORÓASE REI ABSOLUTO DOS RALLYES GALEGOS

O piloto de Dumbría conquista o título galego 2025 cun triunfo incontestable no Rally San Froilán.

O asfalto de Lugo volveu ser testemuña dun novo capítulo na lenda de Víctor Senra, o home que converteu o Campionato Galego de Rallyes no seu reino particular. Ao volante do seu Hyundai, o coruñés asinou unha vitoria impecable no Rally San Froilán, gañando seis dos oito tramos cronometrados e rubricando con autoridade o título autonómico do curso 2025.

Senra non precisaba máis que ser terceiro para coroarse campión, pero el non entende de cálculos. O lume competitivo, ese instinto que o distingue, levouno a atacar dende o primeiro metro. A retirada de Alberto Meira (Skoda) abríalle o camiño, mais o de Dumbría decidiu non mirar atrás: marcou o mellor tempo en tramo tras tramo, ampliando as distancias ata converter o rally nun monólogo perfecto.

En Outeiro de Rei xa aventaxaba a Iván Ares (Toyota) en máis de vinte segundos e a Luis Vilariño (Skoda) en trinta e dous. No paso por O Corgo, a renda medraba ata os vinte e nove, e en O Páramo-Goían xa superaba os

cinquenta. Ares resistía o pulso, pero o dominio de Senra era absoluto, como se cada curva coñecese o seu nome dende hai anos.

Nos dous últimos tramos, a estratexia foi clara: manter a cabeza fría e non arriscar o soño. Ares marcou o mellor tempo no penúltimo, mais o título xa tiña dono. Senra e David Murado cruzaron a meta como gañadores do San Froilán e novos campións galegos. Detrás, Ares-Martínez remataron a case medio minuto, e Otero-Vázquez completaron o podio a máis de tres minutos. Vilariño-Míguez e Díaz-Fernández completaron o top cinco.

O resultado non é só unha vitoria máis. É a confirmación dun reinado que transcende cifras, que fala de constancia, de talento e de paixón polo motor. Víctor volveu coroarse por novena vez consecutiva co acento da humildade e o selo da excelencia, nun campionato que leva o seu nome gravado con letras de goma e lume. Porque hai pilotos que gañan carreiras... e hai outros que constrúen camiño ata converterse en lendas.



☎ 881 064 854

☎ 650 523 030

Rúa Galileo Galilei, 43 - 15008 A CORUÑA  
santanatalleres@gmail.com



WWW.JLPUBLICACIONES.COM

# JAVI PARDO, UNHA TEMPADA DE MADUREZ E CONSTANCIA

O piloto de Allariz pasa polo mellor momento da súa carreira deportiva e coa sensación de que vai a máis.

**O** 2025 está a confirmar a Javier Pardo como un dos grandes nomes do automobilismo español. O piloto ourensán, natural de Allariz, está a completar unha tempada exemplar no Supercampionato de España de Rallyes (SCER), marcada pola regularidade, a intelixencia en carreira e unha madurez deportiva que o sitúan entre os grandes protagonistas do certame.

A súa vitoria no Rally Blendio Princesa de Asturias foi un dos momentos máis destacados do ano. Un triunfo con sabor agri doce, condicionado polo infortunio do seu compañeiro de equipo José Antonio “Cohete” Suárez, pero que consolidou a Pardo na loita polo título e reforzou o seu papel dentro do equipo Recalvi Team, onde exerce como un segundo piloto de enorme fiabilidade e competitividade.

Por decisión estratéxica, Pardo non tomou a saída no seguinte Rally Villa de Llanes, cita na que Suárez se impuxo para recuperar o liderado do campionato. Aínda así, as opcións do ourensán seguen intactas, con dúas probas restantes —RallyRACC Catalunya-Costa Daurada e Rally de La Nucía— nas que aínda pode dar a gran campanada.

Sen a presión de ter que loitar polo título a toda costa e coa serenidade que dá a experiencia, Pardo está a asinar unha campaña sobresaínte, combinando velocidade, consistencia e unha notable xestión dos tempos do campionato. Nun entorno onde as marxes son mínimas e os orzamentos marcan, o galego demostrou que o seu talento e profesionalidade o manteñen entre os máis fiables do panorama nacional.

Con dúas citas por diante e todo por decidir, Javi segue na loita, representando con orgullo a Galicia e a Allariz na elite do automobilismo español.



**NS MOTORSPORT MADRID**  
Ctra. de Loeches, n.º 111  
28850 Torrejón de Ardoz  
MADRID

**NS MOTORSPORT LUGO**  
Rúa da Margarida, n.º 62  
27003 LUGO

**DISPONEMOS DE TIENDA FISICA EN LUGO Y EN MADRID  
TODO PARA EL MUNDO DE LA COMPETICIÓN  
VISITA NUESTRA WEB WWW.NSMOTORSPORT.ES  
SIGUENOS EN REDES SOCIALES Y ENTERATE DE TODO**

Comercial  
**ESPAHER**

Tel./Fax: 981 88 09 93    espaher@gmail.com  
C/ Lugo, s/n  
www.espaher.com  
SANTA COMBA



# Acotío Fisioterapia

MELLORANDO O TEU DÍA A DÍA

614377785 info@acotiofisioterapia.com  
Rúa da Coruña, 33, baixo, 15840 Santa Comba (A Coruña)




Empresa dedicada a la pintura en general y particularmente a la decoración de interiores. También realizamos colocación de molduras, arcos, apliques, etc.

**Decoval**

*Pintura, Decoración, Fachadas.*

Tel.: 981 89 25 79  
Móvil: 649 471 500

Erviñou 20 · 15873 · Val do Dubra



## ALMACENES SEROMAVI

VENTA DE MATERIALES DE CONSTRUCCION, PORCELANOSA, GRASPANIA, ECOCERAMIC

Tel. 981 880 104  
Móvil Joaquín: 678 635 945  
almaceneseromavi@yahoo.es

Avda de Santiago, 18  
15840 SANTA COMBA  
A Coruña

**slage**<sup>®</sup>



REVESTIMIENTOS Y AISLAMIENTOS  
TÉRMICOS PARA FACHADAS  
PINTURA LISA Y DECORATIVA  
LACADOS DE MADERA, METAL Y CRISTAL  
BARNIZADOS  
TRATAMIENTOS EXTERIORES  
REHABILITACIONES



Oficina: 981 89 66 05 · Movil: 629 19 83 20 · ofertas@slage.es - Poligono Industrial Catroventos, Nave, Santa Comba, 15846 - A

Servicios Inmobiliarios  
**M T house**

COMPRA, VENTA Y ALQUILER DE PISOS, APARTAMENTOS, DUPLEX, LOFT, CASAS, CHALETS, FINCAS EN A CORUÑA CIUDAD Y A LAS AFUERAS. TRAMITACIÓN DE SEGURO DE IMPAGO. ATENCIÓN PERSONALIZADA.

✉ mthouse@mthouse.es ☎ 881 338 649 ☎ 690 665 660  
📍 C/ Marqués de Pontejos 2 - Bajo - 15001 - A Coruña



Pulido faros  
Sustitución lunas vehiculos,   
agrícola, industriales, obra pública y vial  
Calibración Adas  
Unidad móvil  
Tintado lunas  
Mecanica en general



te ayudamos

 **GLASSDRIVE**  
**CARBALLO - SANTA COMBA**

R/Cobre H24 P.L Bértoa  
15100 - Carballo

Movil: 691 015 016



• HAMBURGUESAS •  
PREMIUM PARA GOURMETS

CACHENA  
TENREIRA  
VACA  
PORCO CELTA  
POLO



CHAMA AGORA   
981 741 017



[pcdominguez.com](http://pcdominguez.com)

Estas fotografías representan suxestións de presentación.



*Dominguez sabe máis*